4. As presentes bases só rexerán durante o exercicio do 2015 e, se é o caso, no período de prórroga legal do Orzamento do dito ano durante o exercicio seguinte.

BASE 2ª: PRÓRROGA DO ORZAMENTO

Se ó iniciarse o exercicio económico do 2016 non entrase en vigor o Orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o do 2015 ata o límite dos seus créditos iniciais.

A prórroga non afectará ós créditos para gastos correspondentes a servizos ou proxectos de investimento que deban concluír no exercicio anterior ou estean financiados con operacións crediticias, ou outros ingresos específicos ou afectados que exclusivamente foran percibirse no dito exercicio.

A determinación das correspondentes aplicacións orzamentarias do Orzamento do 2015, que non son susceptibles de prórroga por estar comprendidas nalgún dos supostos do parágrafo anterior, será establecida mediante resolución motivada da Presidencia e tras o informe previo da Interventora. Igualmente, poderanse acumular na correspondente resolución acordos sobre a incorporación de remanentes na forma prevista nos artigos 47 e 48 do Real decreto 500/1990.

Delégase na Presidencia a declaración de créditos non dispoñibles coa exclusiva finalidade de axustar os créditos iniciais do Orzamento prorrogado ás previsións contempladas no proxecto de Orzamento pendente de aprobación.

Mentres dure a vixencia desta prórroga poderán aprobarse as modificacións orzamentarias previstas pola Lei. Aprobado o Orzamento, deberán efectuarse os axustes necesarios para dar cobertura ás operacións efectuadas durante a vixencia do Orzamento prorrogado.

Título II. O ORZAMENTO XERAL E AS SÚAS MODIFICACIÓNS

CAPÍTULO PRIMEIRO. DO ORZAMENTO

BASE 3ª: CONTÍA, CONTIDO E ESTRUTURA DO ORZAMENTO XERAL

1. O Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para 2015, ascende a **86.424.097,02 €**, e está formado polos seguintes orzamentos:

A) Orzamento da Deputación:

1) Estado de Gastos: **83.899.430,33 €**.

2) Estado de Ingresos: **83.899.430,33 €**.

B) Estado de previsión de ingresos e gastos da Sociedade Urbanística Provincial:

1) Estado de Gastos: **6.369.666,69 €**.

2) Estado de Ingresos: **6.369.666,69 €**.

C) Estado consolidado:

1) Estado de Gastos: **86.424.097,02 €**.

2) Estado de Ingresos: **86.424.097,02 €**

A programación orzamentaria ríxese polos principios de estabilidade orzamentaria, sostibilidade financeira, plurianualidade, transparencia, eficiencia na asignación de recursos, responsabilidade e lealdade constitucional, conforme ó disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

2. O Orzamento xeral contén os créditos necesarios para atender ó cumprimento das obrigas e os estados de ingresos nos que figuran as estimacións dos distintos recursos económicos que se liquidarán durante o exercicio.

3. Para a confección do Orzamento aplicouse a estrutura por programas e por categorías económicas aprobada pola Orde EFA/3565/2008, de 3 de decembro, pola

que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde FAP/419/2014, de 14 de marzo.

CAPÍTULO SEGUNDO. DOS CRÉDITOS E AS SÚAS MODIFICACIÓNS

BASE 4ª: RÉXIME XERAL DOS CRÉDITOS E FONDO DE CONTINXENCIA

Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a cal foran autorizados no Orzamento xeral ou nas súas modificacións debidamente aprobadas. Os créditos autorizados teñen carácter limitativo e vinculante, e non poderán adquirirse compromisos de gastos en contía superior ó importe deles, coa consecuencia da nulidade de pleno dereito dos acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada limitación, todo isto de conformidade co disposto nos artigos 173.5 do TRLRFL, e 25.2 do Real decreto 500/1990 que o desenvolve.

O cumprimento das limitacións expresadas no parágrafo anterior deberá verificarse ó "nivel de vinculación xurídica" que se sinala na seguinte base.

Con cargo ós créditos do estado de gastos do Orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Non obstante, aplicaráselles ós créditos do Orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas seguintes:

- a) As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ó Orzamento xeral. Para os efectos do artigo 176.2.a) do TRLRFL, se considerarán "atrasos a favor do persoal" os conceptos que enumera o Capítulo III do Título III, da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, as axudas de carácter social de contido económico, e os referidos no artigo 75 de la Lei 7/85 de 2 de abril, de Bases do réxime local (en adiante LBRL).
- b) As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores. No suposto previsto no artigo 47.5 do Real decreto 500/1990, requirirase a previa incorporación dos créditos correspondentes.
- c) As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 relativos a recoñecemento extraxudicial de créditos.

Os gastos, créditos e avais autorizados en anos anteriores pola Deputación e polo Consello de Administración da Sociedade ou polos órganos equivalentes dos demais entes dependentes, destinados a financiar as actuacións dos mesmos, e que non foran aprobados ou subscritos, entenderanse extinguidos.

Fondo de Continxencia:

O Orzamento da Deputación, co fin de facer fronte a necesidades de carácter non discrecional e non previstas, en todo ou en parte, no Orzamento inicialmente aprobado, inclúe unha dotación de crédito no programa “Fondo de Continxencia”, por importe de 300.000,00 €, destinando a financiar, cando proceda, transferencias de crédito.

A aplicación do Fondo de Continxencia se aprobará, a proposta da Delegada de Economía, mediante resolución da Presidencia conxuntamente coa transferencia de crédito.

BASE 5ª: NIVEL DE VINCULACIÓN XURÍDICA DOS CRÉDITOS

Os niveis de vinculación xurídica que se establecen son os seguintes:

- A) No Capítulo Primeiro, os niveis de vinculación xurídica virán determinados polo CAPÍTULO e o ÁREA DE GASTO.
- B) Nos restantes Capítulos, os niveis de vinculación virán determinados polo CAPÍTULO e o GRUPO DE PROGRAMAS.

Os gastos que se atopen incluídos nun proxecto con cofinanciamento, estarán vinculados en si mesmos, é dicir, vinculados co nivel de desagregación económica coa que aparezan no Orzamento.

Para os efectos oportunos, enténdense incluídas nos estados de gastos e ingresos, cunha consignación inicial de “cero” €, tódalas aplicacións orzamentarias que resultan da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se establece a estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais, modificada pola Orde FAP/419/2014, de 14 de marzo.

BASE 6ª: MODIFICACIÓNS DE CRÉDITOS

Ó amparo do establecido nos artigos 172 a 182, ambos inclusive, do TRLRFL e nos artigos 34 a 51 do Real Decreto 500/1990, que a desenvolve, as modificacións de crédito que poderán ser realizadas nos referidos Orzamentos que integran o Xeral da Deputación, son as seguintes:

- a) Créditos extraordinarios.
- b) Suplementos de crédito.
- c) Ampliacións de crédito.
- d) Transferencias de crédito.
- e) Xeración de créditos por ingresos.
- f) Incorporación de remanente de crédito.
- g) Baixas por anulación.

Cada unha das modificacións indicadas será obxecto de expediente administrativo coa tramitación que se determina no referido Real Decreto, sendo órgano compe-

tente para a súa aprobación o Pleno da Deputación nos supostos de “créditos extraordinarios”, “suplementos de crédito”, “baixas por anulación” e “transferencias de crédito”, estas unicamente nos supostos de transferencias entre distintas áreas de gasto (agás as que afecten a créditos de persoal e fondo de continxencia); nos restantes casos, será órgano competente para a súa aprobación o Ilmo. Sr. Presidente ou Órgano en que delegue expresamente esta competencia.

Título III. DA EXECUCIÓN E LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL

CAPÍTULO PRIMEIRO. NORMAS XERAIS SOBRE A XESTIÓN E PROCEDEMENTO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

BASE 7ª: FASES NA XESTIÓN DO ESTADO DE GASTOS

A xestión dos créditos incluídos no Estado de Gastos do Orzamento Xeral da Deputación Provincial realizarase nas seguintes fases:

- a) Autorización do Gasto.
- b) Disposición ou compromiso do Gasto.
- c) Recoñecemento e liquidación da Obriga.
- d) Ordenación do Pagamento.

As devanditas fases terán o carácter e contido definido nos Artigos 54 a 61 do R.D. 500/1990.

Con carácter previo procederase á retención do crédito correspondente, con base nas propostas de gasto ou modificacións de crédito.

BASE 8ª: ACUMULACIÓN DE FASES

1. De conformidade co disposto no Artigo 184.2 do TRLRFL e os artigos 67 e 68 do Real Decreto 500/1990, poderanse acumular varias fases da xestión do gasto nun só acto administrativo.

Poderanse presentar, polo tanto, as seguintes fases:

- Retención do crédito, que constituirá, en todo caso, un acto independente **(RC)**.
- Autorización – Disposición **(AD)**.
- Autorización – Disposición – Recoñecemento da Obriga **(ADO)**.

O acto administrativo que acumule dúas ou máis fases producirá os mesmos efectos que se as devanditas fases se acordasen en actos administrativos separados. En calquera caso, o órgano ou autoridade que adopte o acordo deberá ter competencia orixinaria, delegada ou desconcentrada, para acordar todas e cada unha das fases que naquel se inclúan.

2. Cando para a realización dun gasto, se coñeza a súa contía exacta e o nome do receptor, poderanse acumular as fases de autorización e disposición tramitándose a través do procedemento abreviado "AD".

3. Os gastos que polas súas características requiran axilidade na súa tramitación ou aqueles nos que a esixibilidade da obriga poida ser inmediata e sempre e cando non estean suxeitos ó proceso de contratación, poderán acumular as fases de autorización, disposición e recoñecemento da obriga tramitándose o documento contable "ADO". Poderanse tramitar por este procedemento, entre outros, os seguintes tipos de gastos:

- Anticipos de pagas ó Persoal funcionario e laboral.
- Outros gastos de acción social.
- Asistencia a tribunais de oposicións e órganos colexiados e axudas de custo por comisións de servizo.
- Gastos presupostarios consecuencia de fondos librados co carácter de "a xustificar" ou como "anticipos de caixa fixa".
- Todos aqueles gastos do Capítulo II e do Capítulo VI, se é o caso, da clasificación económica do Orzamento, que teñan o carácter de "contratos menores" (ver Base 17).
- Todos aqueles gastos financeiros que debido ás súas características, non pode coñecerse o seu importe previamente ó recoñecemento da obriga (xuros variables, etc.).
- Subvencións prepagables.

BASE 9ª: AUTORIZACIÓN E DISPOSICIÓN DE GASTOS

Con cargo ós créditos do estado de gastos do Orzamento Xeral da Deputación, a **autorización e disposición** destes corresponderá ós seguintes órganos:

- O Pleno da Corporación, ou á Xunta de Goberno, nos supostos de delegación:

Nos gastos derivados da súa competencia, segundo a normativa que regula as competencias do Pleno con carácter xeral, e polo establecido no Acordo Plenario de 7 de xullo de 2011, sobre Delegacións do Pleno na Xunta de Goberno, e demais acordos que durante o ano se poideran adoptar.

- O Presidente ou Órganos en quen delegue:

Nos gastos derivados da súa competencia, segundo a normativa que regula as competencias do Presidente con carácter xeral e demais que lle atribúan expresamente as leis e aqueles que a legislación do Estado ou da Comunidade Autónoma asignen á Deputación e non se atribúan a outros órganos provinciais.

No Pleno da Deputación de 7 de xullo de 2011, dáse conta das delegacións do Presidente noutros órganos, sen prexuízo das delegacións que durante o ano se poideran adoptar.

BASE 10ª: RECOÑECIMIENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS

A) Regras xerais:

O recoñecemento das obrigas, unha vez adoptado o compromiso de gasto, corresponderá ó Presidente ou órgano en quen delegue.

O recoñecemento e liquidación de obrigas requirirá, como trámite previo, que en cada factura de calquera provedor sexa manifestada a conformidade polo Xefe do Servizo ou unidade administrativa mediante a seguinte "Dilixencia": "Prestados os servizos, realizadas as obras ou verificadas as subministracións detalladas na presente factura, conforme con cantidades, e prezo, data... - O receptor. Sinatura... ". A factura deberá cumprir as prescricións previstas no artigo 6º do Real Decreto 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación. A dita conformidade poderá manifestarse mediante informe do servizo que asume a supervisión correspondente manifestando a comprobación obrigatoria do gasto.

A dilixencia a que se refire o parágrafo anterior, forma parte da comprobación obrigatoria do investimento para todos os gastos non xustificadas documentalmente con certificación de obras, ou actas de recepción de obras, subministracións ou servizos.

Cando a comprobación do investimento precise de coñecementos técnicos, esta farase por medio de certificación expedida polo técnico correspondente. Estas certificacións terán o valor atribuído á Dilixencia a que se refire o parágrafo anterior e ademais, que a obra, servizo ou subministración se verificou conforme ás condicións técnicas que serviron de base para a adxudicación.

As subvencións ou achegas previstas no Orzamento a favor dos Entes dependentes da Deputación, así como naqueles outros nos que a achega sexa de carácter periódico e demais de tracto sucesivo, consideraranse compromisos de gastos, orixinando documento AD ó inicio do exercicio. O recoñecemento e liquidación de obrigas así como a ordenación dos pagamentos realizarase mensualmente ós ditos Entes.

Autorízase o cargo en contas bancarias da Deputación Provincial e demais entes dependentes, dos gastos relativos a xuros e amortizacións de préstamos, operacións de leasing e outros de carácter financeiro, con carácter previo a ordenación do pago, así como outros que se aproben, a proposta de Intervención, pola Presidencia. Tamén, en materia de persoal non será preciso resolución da Presidencia para atender ós pagos dos gastos e retencións derivadas das nóminas relativos a Seguridade Social, Muface,

clases pasivas, Plan de Pensións e IRPF. Para o resto dos gastos, unicamente poderá seguirse o dito procedemento nas contas que corresponden a anticipos de caixa fixa.

Entenderase por práctica administrativa contable que, dentro das consignacións do Orzamento vixente, podan recoñecerse obrigas polo importe de recibos ou facturas correspondentes a gastos ou contratos menores ou de tracto sucesivo do ano anterior ou anteriores e que se presentan no exercicio, sempre que existise crédito dispoñible no exercicio de procedencia.

Os documentos contables relativos ó recoñecemento e liquidación das obrigas de competencia do Presidente ou órgano en quen delegue, entenderanse debidamente acreditados mediante a indicación naqueles da resolución ou acordo aprobatorio do recoñecemento e liquidación do gasto ou copia adxunta deste.

Por aplicación dos principios de eficacia e celeridade, as sinaturas autorizadas nas operacións contables poderán realizarse en documentos resuntivos que conterán unha referencia suficiente que identifique os documentos contables a que se refiren, sendo unidos estes, en todo caso, ós citados resumos.

A Delegada de Economía e Facenda ou quen a substitúa poderá asinar os documentos do proceso contable e aqueles nos que se materialice o pagamento.

B) Cesión de créditos:

Nas cesións de créditos que poidan efectuar acredores da corporación, seguiranse as normas e trámites establecidos na lexislación vixente sobre contratos do Sector Público e en todo caso, teranse en conta as seguintes normas:

1.-Requisitos necesarios para a efectividade das cesións.

1.1. Terán efectividade fronte á Deputación Provincial de Lugo ou ós seus entes dependentes as cesións de créditos efectuadas polos contratistas, que resultaran adjudicatarios de contratos celebrados coa devandita Administración, cando se cumpran os seguintes requisitos:

a) A cesión haberá de poñerse en coñecemento da Deputación de Lugo ou os seus entes dependentes, para o que deberá realizar notificación fidedigna da cesión conforme ó procedemento indicado máis adiante.

b) Que o crédito obxecto de cesión non se atope xa en estado de “ordenación de pagos” ou en estado de “aboadado”.

1.2. Non terán efecto fronte á Deputación de Lugo ou ós seus entes dependentes, polo que non se tomará razón das cesións de crédito relativas a :

a) Expropiacións forzosas.

b) Facturas emitidas por persoas físicas ou xurídicas respecto das cales exista anotación de embargo xudicial ou administrativo, vixente na contabilidade, por importe superior ó crédito que se pretende ceder.

Se é o caso de que o importe da orde de embargo sexa inferior ó crédito que se pretende ceder, procederase á “toma de razón” da cesión só na parte do crédito que non fora obxecto de embargo, unha vez practicados os descontos correspondentes ó momento do recoñecemento da obriga, segundo o establecido nos pregos de condicións o na lexislación vixente.

c) Facturas incluídas en expedientes de recoñecemento de obrigas, nos que se formularan reparos suspensivos polo órgano interventor, conforme ó artigo 216 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

1.3. A cantidade a aboar ó cesionario poderá ser inferior ó importe certificado ou facturado cando no momento do recoñecemento da obriga se practiquen os descontos correspondentes, conforme ó establecido nos pregos de condicións ou na lexislación vixente. Sobre o dito desconto deixarase constancia na toma de razón segundo o procedemento descrito no apartado relativo ás “actuacións da Administración”.

2.-Obrigas do cedente e cesionario.

Para que a cesión de crédito se considere fidedignamente notificada á Deputación de Lugo ou ós seus entes dependentes, deberán seguir os seguintes trámites, os cales variarán segundo se trate de cesións de créditos existentes ou de créditos futuros.

2.1.- Considérase que existe crédito cando o contratista realizara a prestación obxecto do contrato e emitira a factura correspondente, estando a mesma conformada polos servizos técnicos da Deputación de Lugo ou dos seus entes dependentes.

O contratista deberá remitir ás oficinas da Intervención xeral ou á Intervención dos seus entes dependentes:

a) Comunicación da cesión do crédito, indicando o número da certificación ou factura, importe da mesma, data de emisión e concepto e identificación do cesionario (nome ou razón social e NIF), así como os datos bancarios do mesmo necesarios para efectuarlle os pagos. Este trámite non será necesario cando directamente se faga entrega dun exemplar da certificación ou factura na que conste a cesión e aceptación do crédito coas sinaturas correspondentes e identificación dos asinantes, na dirección anteriormente indicada.

b) Cando se lle comunicara a cesión de crédito conforme ó establecido no apartado anterior deberá facerse entrega, con posterioridade, dun exemplar da certificación ou factura na que conste a cesión e aceptación do crédito, coas sinaturas corresponden-

tes e identificación dos asinantes. Cando o poder para efectuar a cesión do crédito sexa mancomunado deberán constar as sinaturas e identificacións de tódolos apoderados.

c) Poderes bastanteados pola Asesoría xurídica que acrediten tanto o asinante cedente coma o asinante cesionario para ceder créditos e aceptar cesións de créditos, respectivamente.

d) Fotocopia do DNI dos asinantes.

2.2.- Considéranse créditos futuros aqueles que se deriven de prestacións relativas a contratos celebrados e perfeccionados entre o cedente e a Deputación de Lugo ou os seus entes dependentes, sempre que no momento da cesión non se realizaran as prestacións obxecto de contratación, ou que realizándose, non existira factura ou certificación ou a mesma estivera pendente de conformar polos servizos técnicos correspondentes. O contratista deberá remitir ás oficinas da Intervención xeral ou ás Intervencións dos entes dependentes:

a) Comunicación dos contratos que poderán dar lugar á cesión de créditos, indicando:

-Relación de contratos obxecto de cesión: A este respecto acompañarase copia dos contratos formalizados ou, no seu defecto, deberanse identificar co número de expediente, importe da adxudicación e denominación do mesmo.

-Se a cesión de créditos futuros se realizara mediante contrato de factoring deberá aportarse copia do mesmo, no que deberá constar, de maneira expresa, a relación de contratos celebrados entre a empresa cedente e a Deputación de Lugo ou os seus entes dependentes que sexan obxecto do contrato de factoring. En todo caso a indentificación dos contratos deberá realizarse conforme o establecido no apartado anterior.

No caso de que as facturas derivadas dos mencionados contratos, que sexan obxecto do factoring, sexan anteriores á data deste, deberase emitir relación conformada pola empresa de factoring e pola empresa cedente indicando o número, importe, data de emisión e concepto das facturas factorizadas.

-Identificación do cesionario (nome ou razón social e NIF), así como os seus datos bancarios.

b) Poderes bastanteados pola Asesoría xurídica que acrediten tanto ó asinante cedente coma ó asinante cesionario para ceder créditos e aceptar cesións de créditos, respectivamente.

c) Fotocopia do DNI dos asinantes.

A Presentación da documentación referida neste apartado 2.2 non vinculará á Administración para a toma de razón da cesión de créditos, a cal só se efectuará cando, unha vez realizadas as prestacións obxecto dos contratos sinalados na comunicación, as certificacións ou facturas conformadas polos servizos provinciais conteñan indicación da cesión e aceptación do crédito, coas sinaturas correspondentes e identificación dos asinantes, e o recoñecemento da obriga se encontre aprobado polo órgano competente. Cando o poder para efectuar a cesión de crédito sexa mancomunado deberán constar as sinaturas e identificación de tódolos apoderados.

3.- Actuacións da Administración.

Unha vez aprobado o recoñecemento da obriga polo órgano competente, efectuarase a toma de razón no corpo da factura ou certificación xustificativa do crédito polos servizos correspondentes da Intervención xeral ou da Intervención dos seus entes dependentes, e procederase ó abono a nome do cesionario. Para iso verificarase polos devanditos servizos que o crédito obxecto de cesión cumpre o establecido nos apartados 1 “Requisitos necesarios para a efectividade das cesións” e 2 “Obrigas do cedente e cesionario na cesión”.

Cando no momento do recoñecemento da obriga se practiquen os descontos establecidos nos pregos de condicións que rexen a contratación ou os esixidos pola lexislación vixente, o dito extremo poñerase de manifesto na toma de razón.

Cando así sexa requerido polos interesados, facilitarase unha fotocopia da factura ou certificación na que conste a toma de razón.

Se na data da comunicación fidedigna da cesión do dereito de crédito á Administración constara na mesma a incoación dun procedemento de compensación das débedas do cedente coa Deputación e os seus entes dependentes, quedará suspendida a toma de razón da cesión do crédito.

Se unha vez realizada a cesión e a preceptiva toma de razón, segundo o disposto nos apartados anteriores, e antes de producirse o pago, se recibise orde de embargo expedida pola autoridade xudicial ou administrativa, procederase da seguinte maneira:

- Notificarase ó cedente e ó cesionario a mencionada circunstancia para que no prazo de 10 días manifesten o que no seu dereito conveña.
- Así mesmo trasladarase á autoridade que ordena o embargo a existencia da cesión para que tamén se pronuncie ó respecto.
- Se transcurrido o devantido prazo non se obtivera resposta ou xurdira calquera tipo de discrepancia, e a menos que da autoridade que realiza o embargo se recibira outra instrución, procederase, previa comunicación ós interesados, a realizar a consignación na Caixa xeral de depósitos provincial.

C) Facturación electrónica:

De acordo co artigo 4 “Uso da factura electrónica no sector público” da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, quedan excluídas da obriga de facturación electrónica as facturas de ata 5.000,00 €.

BASE 11ª: ORDENACIÓN DE PAGAMENTOS

A ordenación de pagamentos daquelas obrigas previamente recoñecidas corresponderá ó Presidente ou órgano en quen delegue. As ordes de pagamento deberán acomodarse, se é o caso, ó plan de disposición de fondos que se estableza pola Presidencia, tendo prioridade en todo caso os gastos de xuros e amortización de débeda.

O pagamento material xustificárase pola Tesouraría mediante o "recibín" do perceptor ou orde de transferencia bancaria debidamente dilixenciada pola entidade financeira.

BASE 12ª: XUSTIFICACIÓN DAS ORDES DE PAGAMENTO

Non poderán expedirse ordes de pagamento sen que previamente se acredite documentalmente ante o órgano competente para recoñecer obrigas, a realización da prestación ou o dereito do acredor, e todo de conformidade coas resolucións aprobatorias da autorización e compromiso do gasto.

BASE 13ª: ORDES DE PAGAMENTO “A XUSTIFICAR”

As ordes de pagamento “a xustificar” rexeranse polo establecido nos artigos 69, 70 e 71 do RD 500/1990, e deberán axustarse ás seguintes normas:

1. A expedición e execución das ordes de pagamento "a xustificar" deberá efectuarse, tras a aprobación polo órgano competente da autorización do gasto, achegándose informes sobre as circunstancias polas que non se poden acompañar os documentos xustificativos antes da orde de pagamento.

2. Os fondos librados "a xustificar" poderán situarse a disposición da persoa autorizada en conta corrente bancaria aberta para o efecto, ou ben entregándose en efectivo ó perceptor.

3. Os conceptos orzamentarios ós que son de aplicación as ordes de pagamento "a xustificar" limítanse ós diversos conceptos dos capítulos 2º e 6º da clasificación económica do orzamento de gastos.

4. A xustificación das ordes de pagamento deberá efectuarse no prazo de tres meses, como máximo, ante a Intervención Provincial, acompañando facturas e documentos auténticos que xustifiquen a saída de fondos coa dilixencia do xefe do servizo ou unidade administrativa correspondente, de que se realizou este, de que se achegou o material correspondente ou de que se realizou, en xeral, o gasto de plena conformidade. Non obstante, a 31 de decembro, os mandados desta natureza deberanse render e achegar a correspondente xustificación. Cando non se xustifique a totalidade dos fondos recibidos procederase ó reintegro dos percibidos en exceso, acompañando á devandita conta, o xustificante do ingreso efectuado. No suposto de que se xustifique por

importe superior ós fondos recibidos procederase ó aboamento da diferenza unha vez aprobada a conta xustificativa. A conta, cos documentos e o informe de Intervención, elevarase ó Presidente para a súa aprobación. De non se render nos prazos establecidos a devandita conta, procederase a instruír de inmediato expediente de alcance de fondos contra a persoa que recibiu as cantidades "a xustificar", de conformidade co disposto para o efecto na Lei xeral orzamentaria.

Só se poderán expedir ordes "a xustificar" nos seguintes supostos:

- Que o perceptor non teña pendente de xustificar polo mesmo concepto orzamentario fondos librados "a xustificar".
- Que o perceptor non incurrixe en mora na xustificación de fondos, en anteriores ordes de pagamento "a xustificar".
- Que o seu importe non supere a cifra de 6.000 euros, a excepción dos pagamentos "a xustificar" para a realización de congresos e outros espectáculos, cuxo límite será o importe autorizado para a realización destes.
- Para atencións de carácter periódico ou repetitivo, terán o carácter de anticipos de caixa fixa, regulándose polas súas normas específicas e polo disposto na Base núm.14.

BASE 14ª: ANTICIPOS DE CAIXA FIXA

1. Concepto: enténdense por anticipos de caixa fixa as provisións de fondos de carácter extraorzamentario e permanente que se realicen ás habilitacións de caixa fixa para a atención inmediata e posterior aplicación ó Orzamento do ano no que se realicen, de gastos periódicos ou repetitivos do capítulo II do estado de gastos do Orzamento.

2. Ámbito: as aplicacións orzamentarias cuxos gastos se poderán atender con este tipo de fondos serán as que resulten dos conceptos da clasificación económica que se relacionan de seguido:

CONCEPTO	DESCRIPCIÓN
212	Reparac., mantem. e conservac. edificios e outras contrucións
213	Reparac., mantem. e conservac. maq.,instalac. e ferra.
214	Reparac., mantem. e conservac. material de transporte.
215	Reparac., mantem. e conservac. mobiliario e aparellos.
216	Reparac., mantem. e conservac. eq. proceso de información.
220	Material de oficina.
221	Subministracións.
222	Comunicacións.
223	Transportes.
224	Primas de seguros.
225	Tributos.
226	Gastos diversos.

3. Contía: A contía global dos anticipos de caixa fixa non poderá exceder a cantidade de 3.000.000,00 €. Individualmente, as provisións iniciais de fondos para anticipos de caixa fixa non poderán ser superiores á cifra de 100.000,00 €.

4. Situación dos fondos: os fondos correspondentes a cada un dos anticipos de caixa fixa constituídos situaríanse nunha conta corrente aberta para este efecto coa denominación “Excma. Deputación Provincial.- Caixa Fixa nº.....”. Os fondos situados nestas contas terán para todos os efectos carácter de fondos públicos provinciais e os seus xuros ingresaranse no concepto correspondente do Capítulo V do Orzamento Xeral da Deputación.

5. Disposición de fondos: as disposicións de fondos das contas a que se refire o apartado anterior, efectuaranse mediante tarxeta bancaria, cheque nominativo ou transferencia bancaria autorizados coa sinatura do habilitado responsable da disposición dos fondos designado para este efecto por Resolución da Presidencia.

Os pagamentos que realice o caixeiro ós acredores finais rexistraranse (coa data da saída dos fondos) en calquera momento anterior á elaboración da correspondente conta xustificativa.

6. Xustificación: A medida que as necesidades de tesouraría aconsellen a reposición dos fondos, os habilitados renderán as contas, dando lugar ás correspondentes ordes de pagamento polas cantidades a que ascenden cada un dos conceptos, ingresándose o seu importe na conta corrente do Anticipo de Caixa Fixa.

Os perceptores destes fondos estarán obrigados a xustificar os importes investidos ó longo do exercicio económico no que se recibisen, a poder ser mensualmente, e cando menos durante o mes de decembro, haberán de render as contas a que se refire o parágrafo 1º do Art. 74 del RD. 500/1990.

7. Control: por resolución da Presidencia determinarase, se é o caso, o control a que serán sometidos cada un dos anticipos de caixa fixa. En calquera momento a Intervención poderá solicitar estados de situación das contas correntes e referidos a datos concretos. Os perceptores de anticipos serán nomeados polo Presidente, ó que tamén lle compete deixar sen efectos o nomeamento.

8. Contabilidade: os anticipos de caixa fixa serán obxecto de axeitado seguimento contable conforme ás normas contidas na Orde EHA 4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local.

CAPÍTULO SEGUNDO. PROCEDIMENTO A SEGUIR PARA DETERMINADOS GASTOS

BASE 15ª: NÓMINAS E OUTROS GASTOS DE PERSOAL

1. Nóminas:

O pagamento de toda clase de retribucións ós funcionarios e demais persoal desta Deputación efectuarase mediante nómina mensual que se pechará o día 15 de cada mes, e as alteracións que se produzan con posterioridade a esta data terán efecto na nómina do mes seguinte.

Xunto coa nómina achegarase un parte das variacións que tiveran lugar nela en relación co mes anterior, para a súa debida fiscalización.

A nómina será autorizada polo Deputado/a delegado da Área de Réxime Interior e levará a conformidade do Xefe do Servizo de Persoal, pola que se acreditará que os funcionarios e demais persoal comprendidos nela realizaron os servizos que nela se sinalan e retribúen.

2. Retribucións de persoal eventual:

As retribucións do persoal eventual son as determinadas no acordo do Pleno da Deputación de data 7 de xullo de 2011.

3. Retribucións do persoal laboral temporal e funcionarios interinos:

As retribucións do persoal laboral temporal e funcionarios interinos serán as que figuren nos seus respectivos contratos, e non poderán superar en ningún caso as correspondentes ós funcionarios de carreira de similar categoría.

4. Productividade:

A cantidade global destinada a produtividade ascende a **1.252.562,00 €**, e corresponde ó Presidente a distribución da dita contía segundo o determinado no Acordo Marco Único e no Convenio Colectivo e os criterios que se establezan pola Presidencia, segundo acordo adoptado pola Mesa Xeral de Negociación.

BASE 16ª: RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓNS

1. Dos membros da Corporación e Grupos Políticos:

1.1. As retribucións ós membros da Corporación, rexeranse polo sinalado no acordo adoptado polo Pleno desta Corporación en sesión celebrada o día sete de xullo de 2011, publicado no Boletín Oficial da Provincia número 158, de data doce de xullo de 2011, ou daqueles acordos que poidan adoptarse no seu lugar.

As indemnizacións por axudas de custo, asistencia e locomoción rexeranse polo sinalado no acordo adoptado polo Pleno desta Corporación en sesión celebrada o día sete de agosto de 2007, publicado no Boletín da Provincia número 182, de data oito de agosto de 2007.

As asistencia de membros e persoal ós órganos colexiados dos entes dependentes ou sociedades desta Deputación son as determinadas polo Padroado ou Consello de Administración.

1.2. As asignacións económicas ós Grupos Políticos da Corporación, son as aprobadas polo Pleno desta Deputación en sesión celebrada o día sete de xullo de 2011, coincidentes coas aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o día sete de agosto de 2007, que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia número 182, de data oito de agosto de 2007, ou daqueles acordos que poidan adoptarse no seu lugar. Os pagamentos efectuaranse entre o 20 e o 25 de cada mes.

2. Outras Indemnizacións:

2.1. As indemnizacións para o persoal e demais que se relacionen cos entes a que se refiren estas Bases, rexeranse polo disposto no RD 462/2002, de 24 de maio, e demais normativa estatal e autonómica que lles sexa de aplicación en cada caso. Poderán ser resarcidos os gastos xustificados de transporte público ou privado que se produzan co obxecto do bo fin da xestión encomendada, así como outros que poideran supoñer un enriquecemento inxusto en detrimento dos afectados. As facturas das axencias de viaxes e demais intermediarios de natureza análoga, poderán constituír proba formal dos gastos, sempre que destas e do resto da documentación que se achegue, resulten claramente os conceptos a indemnizar.

Por razóns operativas e funcionais, en principio, a autorización ou orde de saída para a realización de cursos, xornadas ou similares corresponde ó Presidente, nos restantes supostos a autorización deberá realizala o Delegado/a correspondente, se ben por razóns operativas e funcionais no relativo ó Parque Móbil corresponderá ó Xefe do Parque Móbil, en relación ó persoal adscrito á dita unidade administrativa.

A Dilixencia de cumprimento de servizo encomendado así como a liquidación das indemnizacións correspondentes serán efectuadas polo interesado de acordo co disposto no RD 462/2002, de 24 de maio.

A Presidencia poderá establecer, cando o estime axeitado, as instrucións xerais ou concretas para un mellor desenvolvemento destas actuacións.

2.2. Nos supostos en que por causas excepcionais e xustificadas, non se puidera achegar a xustificación orixinal acreditativa da prestación do servizo, poderanse substituír estes documentos polas probas complementarias suficientes ou por declaración xurada do interesado.

2.3. Nos casos de tribunais, comisións ou outros órganos colexiados para valorar bolsas de estudo, axudas para vivenda, garderías ou similares, as súas funcións e as contías oportunas asimílanse ás recollidas no Art. 29 e Anexo IV, categoría A do Real Decreto 462/2002 do 24 de maio.

Este apartado haberá de ser obxecto da publicidade a que se refire o artigo 75.5. da Lei 7/1985, 2 de abril, de Bases del Réxime Local, en razón de que é de aplicación ós membros desta Corporación que formen parte do devandito Órgano.

2.4. Por analoxía co disposto no artigo 8 do Real Decreto 462/2002, o persoal que forme parte de delegacións oficiais presididas por membros da Corporación, poderán percibir as axudas de custo do grupo correspondente a estes, ou ben serán resarcidos pola contía exacta dos gastos realizados.

2.5. Para estes efectos do Real Decreto 462/2002 de 24 de maio, Anexo 1º, asímlanse ó grupo 1 os funcionarios con habilitación de carácter nacional.

BASE 17ª: GASTOS OU CONTRATOS MENORES

A tramitación de gastos que pola súa contía deban considerarse contratos menores conforme ó disposto no artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP) adecuaranse, con carácter xeral, ós seguintes criterios:

1.- NORMAS COMÚNS:

En ningún caso poderán considerarse contratos menores aqueles que correspondan a partes ou fases dun mesmo obxecto.

Corresponderá á unidade administrativa que propoña a formalización dun contrato menor, verificar previamente, a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa tramitación, asumindo, en caso contrario, a responsabilidade á que houbera lugar.

Nos casos que así se determine para cada unha das clases de contratos regulados na presente base, as propostas de formalización deberanse remitir, para a súa tramitación, ó Servizo de Contratación e Fomento.

Os contratos menores terán unha duración inferior ó ano e procurarse a súa imputación ó exercicio orzamentario no que se realiza a prestación.

Non poderán ser obxecto de prórroga, ampliación, incremento, revisión de prezos nin obxecto de fraccionamento.

Naqueles contratos nos que a unidade administrativa propoñente dependa directamente de Presidencia, poderá ser substituída a conformidade do Ilmo. Sr. Presidente pola da Deputada Delegada de Economía e Facenda.

Nos supostos que por motivos xustificados o gasto fora realizado con anterioridade á resolución que determina a selección do contratista, e sempre que existira consignación orzamentaria axeitada e suficiente, a factura poderase recoñecer e ordenar o seu pago, simultaneamente coa aprobación do gasto.

2. CONTRATOS DE OBRAS:

2.1. Cando a contía das obras a realizar sexa inferior ou igual a 5.000,00 €, será suficiente a tramitación por parte da unidade administrativa do expediente que deberá conter:

- Informe técnico.
- Conformidade do Deputado/a Delegado competente.

- A descrición das obras realizadas.
- A cuantificación do seu importe.
- Acreditación da existencia de crédito axeitado e suficiente.
- A achega da factura coa dilixencia de conformidade da unidade administrativa.

2.2. Cando a contía das obras a realizar sexa superior a 5.000,00 €, o expediente conterá:

- Proposta razoada da unidade administrativa.
- Informe técnico.
- Conformidade do Deputado/a Delegado competente.
- Unha memoria valorada detallada.
- Proxecto técnico, se é o caso.

A unidade administrativa proponente deberá comprobar a existencia de crédito axeitado e suficiente para afrontar o gasto que leve consigo a proposta de adxudicación.

Unha vez informado pola Intervención Provincial sobre a existencia de crédito, o expediente remitirase ó Servizo de Contratación e Fomento que desenvolverá a súa tramitación co obxecto de proceder á selección do contratista, procurando aportar no expediente a consulta, como mínimo, a tres posibles contratistas e incorporándose as ofertas realizadas por cada un deles, que servirán de base para a proposta de selección, que deberá ser motivada.

Con base no expediente e, a proposta do Servizo de Contratación e Fomento, ditarase resolución da Presidencia coa indicación dos elementos esenciais da relación contractual.

3. CONTRATOS DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA TÉCNICA:

Aínda que o TRLCSP non contempla de forma nominativa este tipo de contratos e os engloba nos contratos de servizos, cando o obxecto do contrato consista nunha consultoría ou nunha asistencia técnica, será de aplicación o presente apartado.

Nesta clase de contratos, sexa cal sexa a súa contía e sempre que non exceda do límite para o contrato menor, o expediente conterá:

- Proposta razoada da unidade administrativa.
- Conformidade do Deputado/a Delegado competente.
- Unha memoria valorada detallada.

A unidade administrativa proponente deberá comprobar a existencia de crédito axeitado e suficiente para afrontar o gasto que leve consigo a proposta de adxudicación.

Unha vez informado pola Intervención Provincial sobre a existencia de crédito, o expediente remitirase ó Servizo de Contratación e Fomento que desenvolverá a súa tramitación co obxecto de proceder á selección do contratista, procurando aportar no expediente a consulta, como mínimo, a tres posibles contratistas e incorporándose as

ofertas realizadas por cada un deles, que servirán de base para a proposta de selección, que deberá ser motivada.

Con base no expediente e, a proposta do Servizo de Contratación e Fomento, ditarase resolución da Presidencia coa indicación dos elementos esenciais da relación contractual.

4. CONTRATOS DE SUBMINISTRACIÓNS:

En todo caso, procurarase a acumulación de subministracións que teñan idéntico obxecto ou finalidade co fin de tramitar expedientes de contratación conxuntos.

4.1. Cando o prezo do contrato sexa inferior ou igual a 3.000,00 €, e sempre que se refira a material non inventariable, será suficiente a tramitación por parte da unidade administrativa do expediente que deberá conter:

- Descrición da subministración necesaria.
- Conformidade do Deputado/a Delegado competente.
- A cuantificación do seu importe.
- Acreditación da existencia de crédito axeitado e suficiente.
- A achega da factura coa dilixencia de conformidade da unidade administrativa.

4.2. Cando o prezo do contrato sexa superior a 3.000,00 € o expediente conterá:

- Proposta razoada da unidade administrativa.
- Descrición da subministración necesaria.
- Conformidade do Deputado/a Delegado competente.
- Cuantificación do importe.

A unidade administrativa proponente deberá comprobar a existencia de crédito axeitado e suficiente para afrontar o gasto que leve consigo a proposta de adxudicación.

Unha vez informado pola Intervención Provincial sobre a existencia de crédito, o expediente remitirase ó Servizo de Contratación e Fomento que desenvolverá a súa tramitación co obxecto de proceder á selección do contratista, procurando aportar no expediente a consulta, como mínimo, a tres posibles contratistas e incorporándose as ofertas realizadas por cada un deles, que servirán de base para a proposta de selección, que deberá ser motivada.

Con base no expediente e, a proposta do Servizo de Contratación e Fomento, ditarase resolución da Presidencia coa indicación dos elementos esenciais da relación contractual.

5) CONTRATOS DE SERVIZOS

5.1. Cando o prezo do contrato sexa inferior ou igual a 3.000,00 €, será suficiente a tramitación por parte da unidade administrativa do expediente que deberá conter:

- Descrición do servizo necesario.
- Conformidade do Deputado/a Delegado competente.
- A cuantificación do seu importe.
- Acreditación da existencia de crédito axeitado e suficiente.
- A achega da factura coa dilixencia de conformidade da unidade administrativa.

5.2. Cando o prezo do contrato sexa superior a 3.000,00 € o expediente conterá:

- Proposta razoada da unidade administrativa.
- Descrición do servizo necesario.
- Conformidade do Deputado/a Delegado competente.
- Cuantificación do importe.

A unidade administrativa proponente deberá comprobar a existencia de crédito axeitado e suficiente para afrontar o gasto que leve consigo a proposta de adxudicación.

Unha vez informado pola Intervención Provincial sobre a existencia de crédito, o expediente remitirase ó Servizo de Contratación e Fomento que desenvolverá a súa tramitación co obxecto de proceder á selección do contratista, procurando aportar no expediente a consulta, como mínimo, a tres posibles contratistas e incorporándose as ofertas realizadas por cada un deles, que servirán de base para a proposta de selección, que deberá ser motivada.

Con base no expediente e, a proposta do Servizo de Contratación e Fomento, ditarase resolución da Presidencia coa indicación dos elementos esenciais da relación contractual.

6) CONTRATOS ADMINISTRATIVOS ESPECIAIS E CONTRATOS PRIVADOS

Os contratos administrativos especiais e os contratos privados poderanse tramitar a través da figura do contrato menor de servizos ou suministros, cun límite de 18.000,00 €.

Nesta clase de contratos o expediente conterá:

- Proposta razoada da unidade administrativa.
- Conformidade do Deputado/a Delegado competente.
- Unha memoria valorada detallada.

A unidade admsitrativa proponente deberá comprobar a existencia de crédito axeitado e suficiente para afrontar o gasto que leve consigo a proposta de adxudicación.

Unha vez informado pola Intervención Provincial sobre a existencia de crédito, o expediente remitirase ó Servizo de Contratación e Fomento que desenvolverá a súa tramitación co obxecto de proceder á selección do contratista, procurando aportar no expediente a consulta, como mínimo, a tres posibles contratistas e incorporándose as ofertas realizadas por cada un deles, que servirán de base para a proposta de selección, que deberá ser motivada.

Con base no expediente e, a proposta do Servizo de Contratación e Fomento, ditarase resolución da Presidencia coa indicación dos elementos esenciais da relación contractual.

BASE 18ª: TRAMITACIÓN ANTICIPADA DE EXPEDIENTES DE GASTO

1. De conformidade co establecido no artigo 110.2 do TRLCSP, na tramitación anticipada de expedientes de contratación poderá chegarse ata a adxudicación do contrato e a súa formalización correspondente, aínda que a súa execución, xa se realice nunha ou varias anualidades, deba iniciarse no exercicio seguinte.

2. Igualmente poderá iniciarse no exercicio orzamentario inmediatamente anterior a aquel no que se teña que materializar a contraprestación, expedientes de gasto non incluídos no apartado anterior, sempre que:

- a) Exista habitualmente crédito axeitado e suficiente no Orzamento.
- b) Exista crédito axeitado e suficiente, se é o caso, no Proxecto de Orzamentos para o exercicio seguinte.
- c) Se teña adoptado Acordo polo órgano competente do que se deduza a obriga de incluír o crédito no Orzamento do exercicio seguinte.

3. En todo caso, axustaranse ós obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

BASE 19ª: GASTOS PLURIANUAIS

De acordarse, axustaranse ó establecido no Art. 174 do TRLRFL e nos artigos 79 a 88, ambos inclusive, do Real Decreto 500/1990, así como ós obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira conforme ó establecido no artigo 15 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril.

Corresponde á Xunta de Goberno a competencia para, en casos excepcionais, elevar as porcentaxes a que se refire o artigo 174 do TRLRFL.

No suposto de gastos plurianuais que debeñan de convenios de cofinanciamento a subscribir con entes públicos ou privados, as porcentaxes e contías serán as que neles se determinen.

BASE 20ª: RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS E VALIDACIONES

1. Recoñecemento extraxudicial de créditos:

- Capítulo II “Gastos en bens correntes e servizos” diminúe en 931.810,24 €, o que representa un 6,64% respecto do ano anterior, o que supón o mantemento do control do gasto en tódalas áreas. Inclúese aquí o proxecto cofinanciado co FSE, Pacto Polo Emprego II, polo importe de 138.002,45 €, diminuindo 897.092,12 € respecto da anualidade 2014 de 1.035.094,57 €.

- Capítulo III “Gastos financeiros” recolle os xuros que se van aboar por operacións de crédito a longo prazo, así como outros gastos financeiros, cunha diminución cifrada en 102.862,93 €, que supón un 30,52 %.

- Capítulo IV “Transferencias correntes”, aumenta en 2.075.566,71 € e representa un 13,39 % respecto do ano anterior. As variacións máis significativas son:

A diminución en 93.000,00 € en Protección e mellora do medio ambiente; en Servizos sociais (Acción social) agora denominada Asistencia Social Primaria, aumenta en 235.000,00 €; en fomento de emprego aumenta en 478.384,44 €; a aportación á fundación TIC mantense aumentando 19.281,00 €; na Área de Cultura o aumento é de 360 mil euros, en Deportes 200 mil euros e en Turismo descende en 94.000,00 €; tamén aumenta a aportación a Investigación científica, técnica e aplicada en

150.000,00 € e 100.000,00 € en desenvolvemento empresarial; a aportación a Suplusa aumenta en 550.000,00 €.

- Capítulo VI “Investimentos reais”, aumenta en 391.877,22 € (2,54%). As variacións máis significativas son as seguintes:

O aumento en 1.000.000,00 € para fomento do emprego, a inclusión da adquisición do lote II do legado de D. Álvaro Gíl de 656.648 €, as destinadas a estradas provinciais que incluíndo expropiacións ascende a 4.350.623,80 € aumentando en 150.000 €, e mantendo para o Plan de Obras e Servizos as cantidades definitivamente aprobadas no ano 2011 pola Deputación e os Concellos, un total de 3.010.365,96 €. Diminúen as destinadas da Granxa Gaioso Castro por 1.708.000,00 € e 180.000,00 € en Patrimonio, como consecuencia do remate de financiamento das obras do Centro de Recría e do edificio para a Uned.

- Capítulo VII “Transferencias de capital”, aumenta en 1.296.841,97 € (24,34%). As variacións máis significativas son:

A aumento na aportación para investimentos no Consorcio Provincial de Lugo para prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento en 73.200,00 €; o aumento en 56.677 € na aportación do Convenio suscrito coa Xunta de Galicia e o Concello de Barreiros en materia urbanística; aumenta en 387.275,00 € a dotación para protección e mellora do medio ambiente, inclúese a aportación de 526.220 € para o proxecto “Lugo+biodinámico, planificación dun barrio multiecolóxico”; aumenta en 218.000,00 € en Servizos Sociais (Acción social) agora denominada Asistencia Social Primaria relativo ás aportacións en investimentos; aumentan as transferencias de capital na Área de Cultura en 55 mil euros, 20.000,00 € na Área de Deportes, e 40 mil euros na da Área de Turismo; o importe destinado a infraestruturas de interese veciñal mantense en 2.200.000,00 €, así como a aportación en agricultura, gandería e pesca en 100.000,00 € e reaxustase o desenvolvemento empresarial con 125.000,00 €.

- Capítulo VIII “Activos financeiros” 300.000,00 €, mantense igual.

- Capítulo IX “Pasivos financeiros”, recolle os importes de amortización das operacións de crédito a longo prazo que deben de aboarse no 2015, e ademais unha amortización anticipada de 4.943.245,39 € aplicando os excedente de Ingresos non financeiros, que traen causa da limitación de gastos non financeiros pola regra de gasto.

5º.- O Proxecto de Orzamento redactado polo Presidente, coa colaboración dos membros corporativos e dos funcionarios dos distintos Servizos coa asistencia dos funcionarios de Intervención, e máis o da empresa SUPLUSA, reúnen a documentación esixida polo artigo 168 do TRLRFL e art. 18 do R.d. 500/90, de 20 de abril, así como ane-

xos do art. 166 do TRLRFL e art. 12 do R.d. 500/90, do 20 de abril, e as novidades da LOE xa indicadas anteriormente.

O Orzamento Xeral está equilibrado en gastos e ingresos; así mesmo, o art. 16.2 do R.d. 500/90, do 20 de abril, dispón que ningún orzamento poderá presentar déficit ó longo do exercicio; en consecuencia, todo incremento nos créditos orzamentarios ou diminución nas previsións de ingresos deberá ser compensado no mesmo acto en que se acorde.

As Bases de Execución a que se refire o art. 166 do TRLRFL e art. 9 do R.d. 500/90 do 20 de abril, foron confeccionadas de acordo coa normativa vixente, así como a estrutura orzamentaria, segundo a O.m. 3565/2008 do 3 de decembro, modificada pola O.m. 419/2014, de 14 de marzo, e regulan a fiscalización previa limitada.

O Plan de Investimentos para 2015 detállase en proxectos codificados para a súa identificación e coa especificación mínima que establece o artigo 13 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, completándose co Plan Financeiro para 2015.

6º.- A tenor do art. 166.1.d) do TRLRFL, o volume de endebedamento previsto a 31 de decembro de 2015 é de 15.864.836,79 €, que podera reducirse a 12.864.836,79 € o substituír a operación de crédito proxectada polo superávit orzamentario en termos SEC, previsto a 31 de decembro de 2014.

O volume total de capital vivo das operacións de crédito existentes non excede do 75% dos ingresos correntes liquidados, segundo os estados consolidados da última liquidación (2013 de 81.899.574,07 €) representa o 19,37% para 15.864.836,79 € ou 15,70% para 12.864.836,79 €, ós efectos establecidos no artigo 51 e 53 do citado TRLRFL, e DF 31 da Lei de orzamento xeral do Estado para 2013.

7º.- O proxecto de Orzamento Xeral elévase ó Pleno da Excm. Deputación para a aprobación inicial segundo o artigo 33.2.c) da Lei 7/1985 e o artigo 168.4 do TRLRFL.

Para a tramitación do orzamento haberá que a terse o disposto no art.169 do T.R.L.R.F.L., art. 20 do R. d. 500/90, do 20 de abril, artigos concordantes e demais disposicións legais que lle afecten.

En Lugo, a 17 de novembro de 2014,
A Interventora,

Rosa Abelleira Fernández



DEPUTACIÓN DE LUGO

ORZAMENTOS 2015

16. Fundación para o desenvolvemento das TIC, plan de actuación



PLAN de ACTUACIÓN 2015



DEPUTACIÓN DE LUGO

PLAN DE ACTUACIÓN 2015

Este documento recolle o Plan de Actuación da Fundación para o Desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) para 2015.

A súa finalidade é, por unha banda, fomentar, promover e levar a cabo actividades dirixidas ó fomento da educación, a investigación e o desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación e, por outro, impulsar e consolidar a denominada sociedade do coñecemento.

Unha parte destacada das accións da Fundación TIC para o vindeiro ano centraranse en impartir unha formación de calidade para atender a demanda de profesionais cada vez máis especializados por parte do sector multimedia. Neste senso, reforzaranse as prácticas en escenarios reais e acometeranse novos retos, como a Animación 3D, un dos sectores punteiros na industria cultural vinculada ás novas tecnoloxías. Ademais, a entidade dependente da Deputación tamén incidirá no turismo cinematográfico ou *movie tourism* como ferramenta de promoción da provincia.

Outro pilar fundamental da TIC en 2015 basearase nas actuacións encamiñadas á mellora da calidade de vida dos maiores da provincia a través das novas tecnoloxías. Continuará o programa “Promoción da Autonomía dos Maiores da Provincia”, que acadou un grande éxito en edicións anteriores, grazas a unha nova encomenda para que a Fundación TIC xestione esta iniciativa.

O presente Plan de Actuación para o exercicio comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015 conta coa información indicativa das actividades propias da Fundación e das actividades mercantís, dos gastos estimados para cada unha delas e dos ingresos e outros recursos previstos.

O Plan de Actuación da Fundación TIC ten os seguintes obxectivos para 2015:

Obxectivo 1.1

Adaptar e dar unha nova orientación a oferta formativa para fortalecer as pontes entre o sistema educativo e o tecido empresarial e adaptar a formación ás exigencias da innovación e que vincula directamente á formación dos alumnos ás necesidades e esixencias das industrias audiovisuais.

- ✓ Organización de talleres de 3D e animación
- ✓ Organización de Talleres de alumnos con profesionais das industrias audiovisuais.
- ✓ Organización de eventos.

Obxectivo 1.2

Incluír competencias emprendedoras na formación como un estímulo para posteriormente desenvolver este tipo de aptitudes y comportamentos para o emprendemento, con accións que busquen a formación en competencias básicas, competencias laborais, cidadás e competencias empresariais dentro do sistema educativo formal e non formal e a súa articulación co sector produtivo. Xornadas de encontro coas empresas.

- ✓ Auto-emprego; sensibilizar e animar ás empresas a involucrarse na educación empresarial dos alumnos da Escola de Imaxe e Son.
- ✓ Xornada da Empresa: fomentando o intercambio de ideas innovadoras entre os empresarios e os alumnos da EIS.

Obxectivo 1.3

Estimular a relación do centro co sector empresarial e incrementar a formación en escenarios reais para estimular a oferta formativa mediante:

- ✓ Convenios: asinar convenios de colaboración con empresas de produción de audiovisuais e creativas.
- ✓ Bolsas: potenciar o programa de bolsas de formación en empresas da industria audiovisual.

- ✓ Proxectos: colaborar en proxectos audiovisuais que teñan como escenario de rodaxe ou gravación o territorio da nosa provincia.
- ✓ Relación coa industria audiovisual: aumentar a relación coa industria audiovisual mediante convenios, colaboracións, etc. que permitan desenvolver actividades prácticas.

Obxectivo 1.4

Fomentar o intercambio de experiencias con os “Campos Mixtos”: Intensificar as relacións coa universidade e con outros centros nacionais implicados na formación dentro do campo da comunicación e multimedia.

- ✓ Organizar xornadas de portas abertas.
- ✓ Promover reunións informativas, cursos de especialización.
- ✓ Promover a formación permanente.
- ✓ Promover e favorecer estancias académicas.
- ✓ Promover o intercambio de experiencias formativas con outras escolas e institucións de ámbito nacional e internacional.

Obxectivo 1.5

Ampliar a formación dos alumnos e ex alumnos da Escola mediante o desenvolvemento dun programa formativo complementario máis en sintonía co novo modelo de industrias audiovisuais.

- ✓ Desenvolvemento de cursos e talleres.
- ✓ Desenvolvemento de complementos formativos (operador de cámara, edición, fotografía, iluminación, caracterización...).
- ✓ Desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares. Participación en programas de televisión e radio, na gravación de películas, de videoclips, de videoxogos, de películas de animación, etc.

Obxectivo 1.6

Facilitar o acceso a bolsas de formación: Atender ás necesidades do ensino e aprendizaxe de todos os participantes na educación e Formación Profesional.

- ✓ Incentivar a contratación laboral dos bolseiros da Fundación mediante bonificacións no importe das bolsas de empresa.

Obxectivo 1.7

Avivar a colaboración con ONGs, asociacións culturais, entidades deportivas e empresas TIC para difundir o seu labor mediante a realización de proxectos audiovisuais. Esta liña de colaboración permite que os alumnos e titulados da Escola de Imaxe e Son leven a cabo traballos profesionais, a través dun programa de bolsas que lles facilitan a súa posterior incorporación ó mercado laboral.

- ✓ Convenios de colaboración con institucións e organismos de representación das persoas discapacitadas.
- ✓ Convenios de colaboración con asociacións de deporte base para fomentar os hábitos saudables entre a poboación e facer visibles este tipo de agrupacións.
- ✓ Convenios de colaboración con empresas TIC para fomentar o uso das novas tecnoloxías no tecido industrial e publicitar o seu labor.

Obxectivo 1.8

Promoción do uso das novas tecnoloxías entre o colectivo formado polos maiores da provincia de Lugo motivando aos mesmos para o uso das Novas tecnoloxías como ferramentas de información, formación, comunicación e comercio electrónico, para contribuir a reducir a chamada “fenda dixital”

- ✓ Deseño e impartición de formación continua para aprender a empregar dispositivos electrónicos como ordenadores, tablets, teléfonos móbiles, cámaras dixitais ou videoconsolas.
- ✓ Deseño e impartición de cursos sobre os programas informáticos e redes sociais máis útiles e xeneralizadas, como Google Chrome, Internet Explorer, Mozilla

Firefox, Skype, Facebook, Twitter, Instagram, YouTube, programas ofimáticos como Libre Office, xestores de correo electrónico, ...

- ✓ Deseño e impartición de Talleres de Fotografía, de Vídeo e de Son (gravación e edición).
- ✓ Elaboración de titoriais audiovisuais de manexo de Novas Tecnoloxías (dos diferentes dispositivos e dos programas e utilidades de uso máis común).
- ✓ Asesoramento tecnolóxico personalizado sobre o uso das Novas Tecnoloxías ás persoas maiores que o demanden.

Obxectivo 1.9

Promover o uso das Novas Tecnoloxías como ferramentas para previr o deterioro cognitivo e funcional, potenciando o uso de dispositivos electrónicos como ordenadores, tablets, teléfonos móbiles ou videoconsolas como instrumentos útiles para adestrar e manter as capacidades cognitivas e funcionais, previndo ou retardando o deterioro cognitivo propio da idade.

- ✓ Deseño e impartición de talleres para fomentar o uso dos diferentes dispositivos electrónicos como ferramentas para o mantemento das capacidades cognitivas e funcionais da persoa.
- ✓ Asesoramento tecnolóxico, psicolóxico e documental personalizado neste área ás persoas maiores que o demanden.

Obxectivo 1.10

Promover a autoestima das persoas maiores e contribuír a crear unha imaxe pública positiva das persoas maiores e o concepto de envellecemento activo, difundindo unha imaxe da vellez como unha etapa vital positiva e alonxada dos prexuízos existentes e ofrecendo aos maiores unha plataforma de apoio e información variada e doada de atopar.

- ✓ Creación e mantemento dunha web dirixida aos maiores da provincia de Lugo.
- ✓ Deseño e elaboración de contidos audiovisuais dirixidos a crear unha imaxe positiva das persoas maiores.
- ✓ Recompilar e difundir información de interese para os maiores da provincia de Lugo.

- ✓ Elaboración de reportaxes audiovisuais que abordarían múltiples aspectos da vida diaria¹⁰ dirixidos aos maiores da provincia de Lugo.
- ✓ Organización de eventos dirixidos aos propios maiores, como a entrega de diplomas aos participantes nos diferentes cursos e talleres. Aínda que estes diplomas carecen de valor académico, considérase que se trata dunha acción importante para os maiores pola súa connotación de valoración e satisfacción persoal.
- ✓ Organización de charlas ou conferencias dirixidas aos maiores da provincia de Lugo sobre temas do seu interese.

Obxectivo 1.11

Promover accións dirixidas a desenvolver proxectos para o uso das novas tecnoloxías entre escolares para facer posible unha utilización racional e crítica dos recursos relacionados con estas tecnoloxías. Elaborar instrumentos de formación e participar directamente coas institucións implicadas na formación para desenvolver accións que permitan tratar de xeito transversal nos currículos formativos aspectos como as novas linguaxes ou os novos instrumentos de acceso e transmisión da información.

- ✓ Continuación e ampliación da liña de traballo xa iniciada en programas de formación en linguaxes audiovisuais a escolares e colectivos con dificultades de integración, facilitando información e instrumentos para una utilización racional e crítica dos recursos relacionados con estas tecnoloxías.
- ✓ Colaboración co Centro de Formación do Profesorado da consellería de Educación e con outras entidades e institucións do ámbito educativo no desenvolvemento de actividades previstas no Plan de Formación Anual.

Obxectivo 1.12

Estimular o “Equipo da comunicación audiovisual e multimedia”, coas funcións de fomentar a educación en comunicación audiovisual nos centros educativos da provincia de Lugo e de optimizar os procesos do ensino-aprendizaxe mediante a incorporación da comunicación audiovisual e multimedia e de comunicar dunha forma axeitada as accións da Fundación TIC.

- ✓ Visitas a colexios, institutos.
- ✓ Visitas á Fundación TIC. “Ticodiario”
- ✓ Comunicación das accións da Fundación TIC a través dos medios convencionais e non convencionais

Obxectivo 1.13

Elaborar producións propias xerando materiais innovadores de uso educativo ou divulgativo e reforzar o valor da comunicación local e autonómico.

- ✓ Apoiar á televisións e emisoras de radio, xornais dixitais locais e territoriais, coa finalidade de dar viabilidade ó sector e consolidalo.
- ✓ Convenios de colaboración co sector audiovisual, realizaranse contidos destinados a facilitar producións propias.
- ✓ Complementar a grella dos medios de comunicación audiovisual con programas para poñelos ó alcance dos cidadáns.
- ✓ Xerar materiais de realidade aumentada (mapping), animación ou 3D.

Obxectivo 1.14

Aconsellar e complementar ós Concellos na formación, promoción, explotación e innovación das TIC así como na difusión da cultura dos Concellos establecendo convenios que lles permitan ofrecer espazos de produción propia que, por si sos e de forma illada, non poden asumir.

- ✓ Posta en marcha de equipos de reporteiros formados por técnicos e titulados da EIS, que contribúan á promoción económica e cultural da provincia así como á inserción laboral dos alumnos da Fundación TIC.

Obxectivo 1.15

Difusión das actividades e actuacións da Deputación de Lugo: Difundir e distribuír contidos audiovisuais e multimedia que faciliten o coñecemento dos programas de actuación.

- ✓ Difusión dos plenos en directo a través de internet: streaming. A Fundación TIC ofrece ós cidadáns un servizo público que lles permite seguir en tempo real e de forma íntegra as sesións plenarias desde as súas casas ou a través de dispositivos móbiles.
- ✓ Difusión de actividades da Deputación con proxección galega, nacional e internacional a través de internet: streaming. O obxectivo é facilitar a todos os interesados ó acceso en directo a estas actividades e promover a provincia.
- ✓ Gravación e elaboración de produtos audiovisuais sobre actuacións de intereses para os cidadáns coa finalidade de difundilas a través de diversos medios.

Obxectivo 1.16

Incentivar Lugo FilmCommission, instrumento para favorecer o desenvolvemento local e a produción audiovisual. Colaboración cos Concellos da provincia na realización de actividades de promoción, a través da súa oficina de promoción de rodaxe.

- ✓ Captación de producións audiovisuais a favor da industria audiovisual desta provincia tanto nacionais como internacionais. Para iso, encargárase de promover acordos e accións encamiñadas a consolidar e facilitar a rodaxe.
- ✓ Organización de encontros con directores e ciclos de proxección de cine rodado en Lugo.
- ✓ Colaboración en proxectos audiovisuais que teñan como escenario de rodaxe ou pre-produción e rodaxe.
- ✓ Posta en marcha do Movie Tourism ou turismo cinematográfico, como ferramenta de promoción da provincia.

Obxectivo 1.17

Complementar a formación profesional dos docentes, técnicos e PAS da Fundación TIC mediante un programa formativo que permita manter unha constante actualización dos coñecementos teóricos e prácticos.

- ✓ Desenvolvemento dun plan de formación propio para o persoal da Fundación TIC.

Obxectivo 1.18

Mellorar instalacións e recursos da EIS e do CPP da Fundación TIC, materiais que redunden na mellora da cualificación profesional dos alumnos e titulados.

- ✓ Adquisición de equipamento técnico e mobiliario para uso didáctico.
- ✓ Habilitación de novos espazos na EIS para uso didáctico.

Obxectivo 1.19

Desenvolvemento de todas as tecnoloxías dispoñibles que permitan unha maior e mais rápida difusión de contidos e servizos.

- ✓ Recuperación, catalogación, custodia e difusión das producións e obras do patrimonio audiovisual da Fundación TIC.
- ✓ Dixitalización do arquivo de vídeo da Fundación.
- ✓ Plataforma de distribución de vídeo baixo demanda que permita a difusión de contidos da provincia.
- ✓ Creación dun fondo documental de arquivo audiovisual provincial.

DATOS IDENTIFICATIVOS DA ACTIVIDADE		A1
Denominación	XESTION DA FUNDACIÓN TIC	
Obxectivos de realización da actividade-Plan de Actuación	1.1-1.2-1.3-1.4-1.5-1.6-1.7-1.8-1.9-1.10-1.11-1.12-1.13-1.14-1.15-1.16-1.17	
Descrición	<p>Xestión do centro de formación profesional regrada autorizado para impartir ensinanzas de formación profesional específica: Familia profesional: comunicación, imaxe e son. 1 ciclo formativo de grao superior de produción de audiovisuais, radio e espectáculos (2 unidades para 22/alumnos/unidade). 1 ciclo formativo de grao superior de de realización de audiovisuais e espectáculos (2 unidades para 22 alumnos/unidade).</p> <p>Xestión do centro de produción de programas autorizado para impartir prácticas de formación profesional a os alumnos do CPR TIC</p>	
Tipo de actividade	PROPIA	
Clasificación sectorial	ENSINANZAS DE GRAO SUPEIOR DE FP	
Lugar de desenvolvemento da actividade	LUGO E PROVINCIA	
RECURSOS HUMANOS		
Docentes/ Técnicos/PAS		
BENEFICIARIOS OU USUARIOS		
Docentes/ alumnos e titulados do CPR TIC/ Técnicos/PAS/Organismos/ Empresas de produción audiovisual		
COSTE ESTIMADO		
		1.251.436,00€

DATOS IDENTIFICATIVOS DA ACTIVIDADE		A2
Denominación	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	
Obxectivos de realización da actividade-Plan de Actuación	1.1-1.3-1.4-1.5-1.11-1.13-1.15	
Descrición	Organización de talleres, cursos, seminarios, obradoiros. Asistencia a seminarios, xornadas, talleres Visitas a festivais a empresas do sector audiovisual Colaboración en proxectos audiovisuais.	
Tipo de actividade	PROPIA	
Clasificación sectorial	PROGRAMA FORMATIVOS	
Lugar de desenvolvemento da actividade	NACIONAL	
RECURSOS HUMANOS		
Docentes/ Técnicos/PAS		
BENEFICIARIOS OU USUARIOS		
Alumnos, ex alumnos, docentes, técnicos, estudantes FP, Universidade, empresas, profesionais do sector		
COSTE ESTIMADO		
		40.000,00€

DATOS IDENTIFICATIVOS DA ACTIVIDADE		A3
Denominación	PROGRAMA DE BOLSAS DE FORMACIÓN EN EMPRESAS	
Obxectivos de realización da actividade-Plan de Actuación	1.3-1.6-1.7-1.8-1.10-1.13-1.14-1.15-1.16	
Descrición	Xestión dun programa propio de bolsas de formación para titulados da Escola de Imaxe e Son mediante convenios de colaboración con empresas representativas do sector audiovisual, TIC e organismos.	
Tipo de actividade	PROPIA	
Clasificación sectorial	PROGRAMA FORMATIVOS	
Lugar de desenvolvemento da actividade	Europeo	
RECURSOS HUMANOS		
Docentes/ Técnicos/PAS/ área de formación e orientación laboral		
BENEFICIARIOS OU USUARIOS		
Titulados do CPR Tic/ Empresas do sector audiovisual e cultural/Organismos/Entidades sen ánimo de lucro/Empresas Tic.		
COSTE ESTIMADO		
		65.000,00 €

DATOS IDENTIFICATIVOS DA ACTIVIDADE		A4
Denominación	PROGRAMA DE BOLSAS DE COLABORACIÓN	
Obxectivos de realización da actividade- Plan de Actuación	1.3-1.6-1.71.8-1.11-1.13-1.14-1.15-1.16	
Descrición	Programa de bolsas de colaboración para o desenvolvemento de actividades afíns ás áreas de traballo vinculadas á produción audiovisual: FP e Universidade.	
Tipo de actividade	PROPIA	
Clasificación sectorial	PROGRAMA FORMATIVO	
Lugar de desenvolvemento da actividade	INTERNACIONAL	
RECURSOS HUMANOS		
Docentes/ Técnicos/PAS		
BENEFICIARIOS OU USUARIOS		
Titulados e estudantes universitarios e de Formación Profesional		
COSTE ESTIMADO		
		10.500,00€

DATOS IDENTIFICATIVOS DA ACTIVIDADE		A5
Denominación	PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL DOS MAIORES DA PROVINCIA	
Obxectivos de realización da actividade-Plan de Actuación	1.8	
Descrición	Por un lado fomentar a estimulación cognitiva mediante o uso de dispositivos táctiles tipo iPad ou similares que permitan realizar exercicios mediante unha interacción do alumno co dispositivo a través de aplicativos desenvolvidos para o efecto (tocar formas, cores, ampliar imaxes, etc) por outro lado e como segunda liña de traballo fomentar a estimulación funcional mediante o uso de dispositivos tecnolóxicos que permiten interactuar co alumno tipo kinect ou Wiifit a través dos movementos que este fai en fronte dunha pantalla ou a través dun dispositivo de control (exercicios virtuais, pasos de baile, videoxogos interactivos, etc)	
Tipo de actividade	Encomenda de Xestión	
Clasificación sectorial	Formación tecnolóxica	
Lugar de desenvolvemento da actividade	Lugo e provincia	
RECURSOS HUMANOS		
Docentes/ Técnicos/PAS		
BENEFICIARIOS OU USUARIOS		
Persoas da terceira idade		
COSTE ESTIMADO		
Con cargo a remanentes do ano 2014		

DATOS IDENTIFICATIVOS DA ACTIVIDADE		A6
Denominación	PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL DOS MAIORES DA PROVINCIA	
Obxectivos de realización da actividade-Plan de Actuación	1.8-1.9-1.10	
Descrición	Promover accións dirixidas a desenvolver proxectos e formación para o uso das novas tecnoloxías no ámbito das persoas maiores	
Tipo de actividade	Encomenda de Xestión	
Clasificación sectorial	Formación tecnolóxica	
Lugar de desenvolvemento da actividade	Lugo e provincia	
RECURSOS HUMANOS		
Docentes/ Técnicos/PAS		
BENEFICIARIOS OU USUARIOS		
Persoas da terceira idade		
COSTE ESTIMADO		
O custo estimado será o importe da encomenda que corresponda		

DATOS IDENTIFICATIVOS DA ACTIVIDADE		A7
Denominación	PRODUCCIÓN, DISTRIBUCIÓN E DIFUSIÓN DE CONTIDOS AUDIOVISUAIS	
Obxectivos de realización da actividade-Plan de Actuación	1.1-1.2-1.7-1.10-1.13-1.14-1.15	
Descrición	Elaboración de contidos audiovisuais e multimedia. Distribución e difusión	
Tipo de actividade	PROPIA	
Clasificación sectorial	FORMACIÓN E PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL	
Lugar de desenvolvemento da actividade	LUGO E PROVINCIA	
RECURSOS HUMANOS		
Docentes/ Técnicos/PAS/Alumnos/Titulados de FP/Titulados universitarios		
BENEFICIARIOS OU USUARIOS		
Alumnos, Persoas da terceira idade. Medios de comunicación audiovisual.		
COSTE ESTIMADO		
		90.000,00€

DATOS IDENTIFICATIVOS DA ACTIVIDADE		A8
Denominación	LUGO FILM COMMISSION	
Obxectivos de realización da actividade- Plan de Actuación	1.3-1.13-1.16	
Descrición	Accións de promoción e difusión dos espazos e os recursos provinciais co obxectivo de atraer e apoiar producións audiovisuais e difundir a cultura e o patrimonio da nosa provincia. Apoio as producións audiovisuais desenvoltas na provincia.	
Tipo de actividade	PROPIA	
Clasificación sectorial	FORMACION E PRODUCCIÓN AUDIOVIVUAL	
Lugar de desenvolvemento da actividade	LUGO E PROVINCIA	
RECURSOS HUMANOS		
Docentes/ Técnicos/PAS/ Titulados da EIS		
BENEFICIARIOS OU USUARIOS		
Concellos, Empresas de Servizos, Sector turístico, Sector audiovisual		
COSTE ESTIMADO		
		10.000,00€

DATOS IDENTIFICATIVOS DA ACTIVIDADE		A9
Denominación	ACCIÓNS DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN	
Obxectivos de realización da actividade- Plan de Actuación	1.1-1.2-1.3-1.4-1.5-1.7-1.10-1.12-1.13-1.15-1.16	
Descrición	Deseñar accións de difusión e divulgación, en diferentes soportes, que permitan o coñecemento das diferentes actividades e áreas de traballo da Fundación TIC	
Tipo de actividade	PROPIA	
Clasificación sectorial	COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN	
Lugar de desenvolvemento da actividade	LUGO E PROVINCIA	
RECURSOS HUMANOS		
Docentes/ Técnicos/PAS/Alumnos/Titulados de FP e Universidade		
BENEFICIARIOS OU USUARIOS		
DIVERSOS		
COSTE ESTIMADO		
		50.000,00€

DATOS IDENTIFICATIVOS DA ACTIVIDADE		A10
Denominación	PLAN DE FORMACIÓN CONTINUA	
Obxectivos de realización da actividade-Plan de Actuación	1.1-1.4-1.17	
Descrición	Accións formativas para persoal técnico, docente e PAS. Accións formativas encamiñadas a mellorar a cualificación profesional e actualización tecnolóxica de traballadores do sector audiovisual.	
Tipo de actividade	PROPIA	
Clasificación sectorial	EDUCACIÓN	
Lugar de desenvolvemento da actividade	LUGO E PROVINCIA	
RECURSOS HUMANOS		
EXTERNOS/DOCENTES/TÉCNICOS/PAS		
BENEFICIARIOS OU USUARIOS		
PERSOAL TÉCNICO, DOCENTE E PAS DA FUNDACIÓN TITULADO DA EIS. TRABALLADORE EN ACTIVO E DESEMPREGADOS		
COSTE ESTIMADO		
		12.000,00€

DATOS IDENTIFICATIVOS DA ACTIVIDADE		B1
Denominación	MELLORA DAS INSTALACIÓNS	
Obxectivos de realización da actividade-Plan de Actuación	1.18	
Descrición	Adecuación das instalacións da Fundación Tic para uso educativo e docente	
Tipo de actividade	PROPIA	
Clasificación sectorial	EDUCACIÓN E PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL	
Lugar de desenvolvemento da actividade	LUGO E PROVINCIA	
RECURSOS HUMANOS		
Externos/PAS		
BENEFICIARIOS OU USUARIOS		
DIVERSOS		
COSTE ESTIMADO		
		10.000,00€

DATOS IDENTIFICATIVOS DA ACTIVIDADE		B2
Denominación	ADQUISICIÓN E RENOVACIÓN DE EQUIPOS TÉCNICOS	
Obxectivos de realización da actividade-Plan de Actuación		
Descrición	Renovación y actualización do equipamento técnico. Adaptación dos recursos técnicos as necesidades do sector. Desenrolo das tecnoloxías dispoñibles que permitan unha maior e mais rápida difusión de contidos e servizos	
Tipo de actividade	PROPIA	
Clasificación sectorial	EDUCACIÓN E PRODUCCIÓN	
Lugar de desenvolvemento da actividade	LUGO E PROVINCIA	
RECURSOS HUMANOS		
EXTERNOS/TÉCNICOS/PAS		
BENEFICIARIOS OU USUARIOS		
Alumnos/Titulados da EIS/ Docentes/Técnicos/PAS/ Empresas do sector audiovisual		
COSTE ESTIMADO		
		70.000,00€

ORZAMENTO 2015

MEMORIA EXPLICATIVA

O presente presuposto para o exercicio económico comprendido entre o 1 de xaneiro de 2015 e o 31 de decembro de 2015 elaborouse axustándose ás normas de adaptación do *Plan General de Contabilidade* das entidades sen fins lucrativos e o modelo de Plan de Actuación destas entidades aprobadas no Real Decreto 1491/2011, de 24 de outubro.

Tanto no estado de Gastos como no de Ingresos, as partidas clasificáronse segundo a natureza que dá orixe ás mesmas e que se relacionan cos modelos de contas anuais. Así podemos distinguir:

- ✓ Operacións de funcionamento, que se corresponden coas recollidas na conta de resultados.
- ✓ Operacións de fondos, aquelas relacionadas coas magnitudes de fondo para o que se empregan as partidas de balance.

O modelo de presuposto empregado é o abreviado, debido a que a *Fundación para o desenvolvemento das tecnoloxías da información e comunicación (TIC)*, reúne os requisitos para formular o balance e a memoria abreviados, polo que se prescinde de elaborar una información orzamentaria por programas.

ESTADO DE GASTOS

O montante total de gastos orzamentarios ascende a 1.608.936,00€, dos que 1.508.936,00€ corresponden a operación de funcionamento e 100.000 € a operación de fondos.

a) Operacións de funcionamento.

Gastos de Persoal.-

No epígrafe **Gastos de Persoal**, cun importe de 1.023.542,99 € recóllese o importe das retribucións ó persoal incluídas as cotas da Seguridade Social a cargo da Entidade, segundo o seguinte desagregación:

DOCENTES.	Laboral fixo	8 Xornada completa	212.022,08 €
TÉCNICOS	Laboral fixo	20 Xornada completa	424.855,16 €
PAS	Laboral fixo	6 Xornada completa ½ xornada	135.072,06 € 13.742.04 €
Incentivos			3.000,00 €
Seguridade Social a cargo da entidade			234.851,65 €

Gastos en bens correntes e servizos.-

O apartado **Amortizacións, provisións e outros gastos**, cun importe de 383.376,64 €, comprende gastos de natureza diversa derivados do funcionamento dos centros dependentes de esta Fundación (arrendamentos, reparacións, mantemento e conservación, material de oficina, asistencia técnica, transporte, axudas de custo, asistencia a órganos colexiados,...)

O apartado **Consumos de explotación**, por un importe de 30.000,00 €, son as adquisicións de bens destinados á actividade propia dos centros dependentes desta Fundación.

Gastos financeiros.-

O apartado **Gastos financeiros**, por un importe de 2.016,37 € que inclúe os contratos de leasing subscritos pola entidade no período por importe de 16,37 € e outros gastos financeiros (comisión,...) por importe de 2.000,00 €.

Transferencias correntes.-

O apartado Premios, bolsas e pensión de estudo e investigación, por un importe total de 70.000,00 €, destínase á concesión de bolsas de formación para alumnos e titulados, previstas para o presente exercicio.

b) Operacións de fondos.

Os gastos por operación de fondos, cun importe que ascende a 100.000,00 € recollen as adquisicións no exercicio de inmovilizacións materiais necesarias para o desenvolvemento de actividades da Fundación.

Está previsto completar a adquisición do vehículo, equipos e a reforma das instalación do Centro de Produción de Programas e da Escola de Imaxe e Son.

ESTADO DE INGRESOS**a) Operacións de funcionamento.**

Os ingresos por operación de funcionamento, cun importe de 1.608.936,00€, corresponden a:

SUBVENCIONS OFICIAIS Á EXPLOTACIÓN.	1.584.736,00€
DOAZÓNS	3.000,00€
MATRÍCULA (REPETIDORES)	1.200,00€
INGRESOS FINACIEIROS (intereses contas bancarias).	20.000,00€

ORZAMENTO

ENTIDADE: FUNDACION PARA O DESENVOLVEMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN.
EXERCICIO: 01/01/2015 – 31/12/2015

ORZAMENTO DE GASTOS		ORZAMENTO DE INGRESOS	
Operacións de funcionamento	Orzamento	Operacións de funcionamento	Orzamento
1.- Axudas monetarias	70.000,00	1.- Resultado de explotación da actividade mercantil	0,00
2.- Gastos por colaboración e do órgano de goberno	0,00	2.- Cotas de usuarios e afiliados	0,00
3.- Consumos de explotación	30.000,00	3.- Ingresos por matrículas, promocións, patrocinadores e colaboracións.	1.200,00
4.- Gastos de persoal	1.023.542,99	4.- Subvenciones, doazóns e legados imputados ó resultado	1.587.736,00
5.- Amortizacións, provisións e outros gastos	383.376,64	5.- Outros ingresos	0,00
6.- Gastos financeiros e asimilados.	2.016,37	6.- Ingresos financeiros	20.000,00
7.-Gastos extraordinarios.	0,00	7.-Ingresos extraordinarios	0,00
Total gastos operacións de funcionamento	1.508.936,00€		1.608.936,00€

Saldo operacións de funcionamento (ingresos-gastos): 100.000,00€

DESCRIPCIÓN	OPERACIONES DE FONDOS	Ingresos e gastos orzamentarios
Achegas de fundadores e asociados. Aumentos (diminucións) de subvencións, doazóns e legados de capital e outros. Diminucións (aumentos) de bens reais: bens de Patrimonio Histórico, outro inmovilizado e existencias. Diminucións (aumentos) de inversión financeiras, tesourería e capital de funcionamento. Aumentos (diminucións) de provisións para riscos e gastos de débedas.	A.- Achegas de fundadores e asociados. B.- Variación neta de subvencións, doazóns e legados de capital e outros. C.- Variación neta de inversións reais. D.- Variación neta de activos financeiros e do capital de funcionamento. E.- Variación neta de provisión para riscos, gastos e de débedas.	0,00 -100.000,00

Saldo operacións de fondos (A+B+C+D+E): -100.000,00€

ENTIDADE: FUNDACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC)
 EXERCICIO: 01-01-2015/31-12-2015

ESTADO DE INGRESOS		Conceptos/Subconceptos	Artigos	Capítulos
	342	Prezos públicos por servizos educativos - Matrículas	1.200,00 €	
Art.	34	Prezos públicos	1.200,00 €	
CAP.	III	TASAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS		1.200,00 €
	461	Transferencias correntes de deputacións	1.584.736,00 €	
Art.	46	De Entidades Locais	1.584.736,00 €	
	470	Doazóns	3.000,00 €	
Art.	47	De empresas privadas	3.000,00 €	
CAP.	IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES		1.587.736,00 €
	520	Ingresos financeiros	20.000,00 €	
Art.	52	Xuros de depósitos	20.000,00 €	
CAP.	V	INGRESOS PATRIMONIAIS		20.000,00 €
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS				1.608.936,00 €

ENTIDADE: FUNDACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

EXERCICIO: 01-01-2015 / 31-12-2015

ESTADO DE GASTOS	Conceptos TIC	Artigos TIC	Capítulos TIC
CAP. I GASTOS DE PERSOAL			1.023.542,99 €
Art.13 Persoal laboral		785.691,34 €	
130 Laboral fixo (técnicos)	424.855,16 €		
130 Laboral fixo (docentes)	212.022,08 €		
130 Laboral fixo (PAS)	148.814,10 €		
Art.15 Incentivos ó rendemento		3.000,00 €	
151 Gratificacións	3.000,00 €		
Art.16 Cotas, prestacións e gastos sociais a cargo do empregador		234.851,65 €	
160 Seguridade Social	234.851,65 €		
CAP. II GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS			413.376,64 €
Art.20 Arrendamentos		13.000,00 €	
203 Maquinaria, instalacións e ferramenta	10.000,00 €		
204 Material de transporte	1.500,00 €		
206 Equipos para procesos de información (lector /informático)	1.500,00 €		
Art.21 Reparacións, mantemento e conservación		21.000,00 €	
212 Edificios u outras construción	5.000,00 €		
213 Maquinaria, instalacións e ferramenta	10.000,00 €		
216 Equipos para procesos de información (lector /informático)	6.000,00 €		
Art.22 Material, suministros e outros		373.876,64 €	
220 Material de oficina	3.000,00 €		
221 Suministros	30.000,00 €		
222 Comunicacións	7.000,00 €		
223 Transportes	1.000,00 €		
224 Primas de seguros	9.912,00 €		
226 Gastos Diversos	237.964,64 €		
227 Traballos realizados por outras empresas	85.000,00 €		
Art.23 Indemnizacións por razón de servizo		5.500,00 €	
230 Dietas	1.000,00 €		
231 Locomoción	1.000,00 €		
233 Outras indemnizacións	3.500,00 €		
CAP.III GASTOS FINANCIERIOS			2.016,37 €
Art.35 De xuros de demora e outros gastos financeiros		2.016,37 €	
358 Xuros por operac. de arrend. financeiro	16,37 €		
359 Outros gastos financeiros	2.000,00 €		
CAP.IV TRANSFERENCIAS CORRENTES			70.000,00 €
Art.48 A familias e institucións sen fins de lucro.		70.000,00 €	
481 Premios, bolsas e pensións de estudo e investigación.	70.000,00 €		
CAP.VI INVERSIONS REAIS			100.000,00 €
Art.62 Inver. nova asda. ó funcionamento operat. dos serv.		100.000,00 €	
62 Inver. Asoc. ó funcionamento operativo dos servizos	100.000,00 €		
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS			1.608.936,00 €

2.- PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS A EMPLEAR POR LA FUNDACIÓN

Gastos/Inversiones	A1	A2	A3	A4	A5	A6	A7	A8	A9	A10	B1	B2	Total actividades	No imput. ás activ.	TOTAL
Gastos por axudas e outros															
a) Axudas monetarias			60.000,00	10.000,00											
b) Axudas non monetarias															
c) Gastos por colaboracións e órganos de goberno															
Variación de existencias de produtos rematados e en curso de fabricación															
Aprovisionamentos	30.000,00														
Gastos de persoal	1.023.542,99														
Outros gastos de explotación	175.876,64	40.000,00	5.000,00	500,00			90.000,00	10.000,00	50.000,00	12.000,00					
Amortización do Inmobiliado															
Deterioración e resultado por alienación de inmobiliado															
Gastos financeiros	2.016,37														
Variacións de valor razoable en instrumentos financeiros															
Diferenzas de cambio															
Deterioración e resultado por alienacións de instrumentos financeiros															
Impostos sobre beneficios															-
Subtotal gastos	1.231.436,00	40.000,00	65.000,00	10.500,00	-	-	90.000,00	10.000,00	50.000,00	12.000,00	-	-	-	-	1.508.936,00
Adquisicións de Inmobiliado (agás Bens Patrimonio Histórico)	20.000,00										10.000,00	70.000,00			
Adquisicións Bens Patrimonio Histórico															
Cancelación débeda non comercial															
Subtotal investimentos	20.000,00	-	-	-	-	-	-	-	-	-	10.000,00	70.000,00	-		100.000,00
TOTAL RECURSOS EMPREGADOS	1.251.436,00	40.000,00	65.000,00	10.500,00	-	-	90.000,00	10.000,00	50.000,00	12.000,00	10.000,00	70.000,00	-	-	1.608.936,00

PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS A OBTENIR POLA FUNDACIÓN**Previsión de ingresos a obter pola Fundación**

INGRESOS	Importe total
Rendas e outros ingresos derivados do patrimonio	
Vendas e prestacións de servizos das actividades propias- Matrículas	1.200,00 €
Ingresos ordinarios das actividades mercantís	0,00€
Subvencións do sector público	1.584.736,00€
Achegas privadas- Doazóns	3.000,00€
Outros tipos de ingresos	20.000,00€
TOTAL INGRESOS PREVISTOS	1.608.936,00€

Previsión doutros recursos económicos a obter pola Fundación

OTROS RECURSOS	Importe total
Débedas contraídas	- €
Outras obrigas financeiras asumidas	- €
TOTAL OUTROS RECURSOS PREVISTOS	- €

INFORME DA INTERVENTORA XERAL

Formado o proxecto do orzamento da Fundación TIC para o exercicio 2015, para a súa elevación o padroado da Fundación, órgano competente para a súa aprobación, a que subscribe informa o seguinte:

O orzamento ascende, nivelado en gastos e ingresos, a 1.608.936,00 €, sendo a achega da Deputación de 1.584.736,00 € para o financiamento das operacións de funcionamento da Fundación.

En relación á avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria non se considera necesario a realización de axustes por considerar que as condicións que implicarían a realización dos mesmos non poden ser coñecidos no momento da presupostación e por outra banda as diferenzas a axustar poderían ser consideradas mais ben residuais que financeiramente significativas.

**CAPACIDADE/NECESIDADE FINANCIACIÓN NA APROBACIÓN DO ORZAMENTO 2015
CONFORME A NORMAS SEC**

FUNDACIÓN TIC	ORZAMENTO 2015	Observacións
Ingresos a efectos de Contabilidade Nacional	1.608.936,00	
Importe neto de cifra negocios	1200,00	
Traballos previsto realizar pola empresa para o seu activo	0,00	
Ingresos accesorios e outros ingresos da xestión corrente	0,00	
Subvencións e transferencias correntes	1587.736,00	
Ingresos financeiros por xuros	20.000,00	
Ingresos de participacións en instrumentos de patrimonio (dividendos)	0,00	
Ingresos excepcionais	0,00	
Aportacións patrimoniais	0,00	
Subvencións de capital previsto recibir	0,00	
Gastos a efectos de Contabilidade Nacional	1.608.936,00	
Aprovisionamentos	30.000,00	
Gasto de persoal	1023.542,99	
Outros gastos de explotación	383.376,64	
Gasto financeiros e asimilados	2.016,37	
Imposto de sociedades	0,00	
Outros impostos	0,00	
Gasto excepcionais	0,00	
Variacións do Inmov. material e intanxible; de inv. inmobiliarias; de existencias	100.000,00	
Variac. existencias de pto's terminados e en curso de fabricación	0,00	
Aplicación de provisións	0,00	
Aplicación de provisións	0,00	
Axudas, transferencias e subvencións concedidas	70.000,00	
(+) CAPACIDADE / (-) NECESIDADE DE FINANCIAMENTO	0,00	

Lugo, a 3 de novembro de 2014

A interventora,

Rosa Abelleira Fernández



DEPUTACIÓN DE LUGO

ORZAMENTOS 2015

17. Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento





CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO



ORZAMENTO 2015





PROPOSTA DO PRESIDENTE DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO PARA A APROBACIÓN DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2015

Santiago Villanueva Álvarez, en calidade de Presidente do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, formula a presente proposta co fin de elevar ao Pleno do Consorcio e, previos os trámites oportunos, proceda á aprobación do Orzamento do exercicio de 2015, para o cal achega ao Pleno a documentación seguinte:

- Estado de ingresos
- Estado de gastos
- Liquidacións orzamentos
- Anexo de investimentos
- Anexo do estado da débeda
- Anexo de persoal
- Bases de execución do orzamento
- Informe económico financeiro
- Informe de Secretaría Intervención
- Informe de avaliación da estabilidade orzamentaria, regra de gasto, límite de gasto non financeiro e débeda pública.
- Fichas PAIF

En consonancia coa documentación que precede propónse ao Pleno do Consorcio, a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar o Orzamento para o exercicio 2015 que ascende a 5.315.051,60 €, cumpre co principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, cos estados de gastos e ingresos, segundo o resumo seguinte, e coa documentación anexa e complementaria á cal se fai referencia e que se une ao expediente.

2. De conformidade co disposto polo artigo 168.5 do dito Texto refundido, declarar expresamente que o Orzamento aprobado se compón unicamente polo da propia Entidade, respondendo o resumo por capítulos do mesmo aos seguintes extremos:

INGRESOS	
CAPÍTULO	IMPORTE EUROS
I IMPOSTOS DIRECTOS	0,00
II IMPOSTOS INDIRECTOS	0,00
III TAXAS, P. PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	747.500,00
IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	4.147.451,60
V INGRESOS PATRIMONIAIS	100,00
VI ENAXENACIÓN DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00
VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	420.000,00
VIII ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
IX PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL ESTADO DE INGRESOS	5.315.051,60

GASTOS	
CAPÍTULO	IMPORTE EUROS
I GASTOS DE PERSOAL	80.451,34
II GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	4.814.500,26
III GASTOS FINANCEIROS	100,00
IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	0,00
-	-
VI INVESTIMENTOS REAIS	420.000,00
VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
VIII ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
IX PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL ESTADO DE GASTOS	5.315.051,60



CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

3. De conformidade co disposto nos apartados anteriores, o presente acordo de aprobación comprende a todos os documentos e anexos que compoñen o referido orzamento entre os que figuran:

- As bases para a execución do orzamento, consonte ao disposto no art. 165.1 do citado Texto refundido sendo de aplicación as da Deputación Provincial de Lugo.
- Anexo comprensivo do cadro de persoal e relación de postos de traballo deste consorcio, de conformidade co disposto no art. 90 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local e art. 168 do texto refundido e demais disposicións concordantes.
- Anexo de investimentos, consonte ao artigo 168 do RDL 2/2004.
- Proposta do orzamento remitida á Dirección Xeral de Orzamentos a través da aplicación informática especialmente habilitada (PAIF).

4. De acordo co disposto no art. 19 dos Estatutos do Consorcio determinar que as funcións reservadas a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter estatal, prestaranse de acordo co disposto no seu apartado b), e dicir a través do servizo de asistencia da Deputación de acordo co previsto no Real Decreto 1732/1994, de 29 de xullo, e en concreto polo desenvolvemento de devanditas funcións polo Secretario Xeral da Deputación de Lugo, polo cal percibirá as gratificacións, en aplicación analóxica, do disposto no art. 31 do citado Real Decreto.

5. Tal e como preceptúa o art. 169 do repetido Texto Refundido, publicar o edicto correspondente no *BOP* de Lugo, a fin de que os interesados aos que fai mención o apartado 1 do art. 171 dese texto legal, poidan examinar o expediente e presentar reclamacións contra o Orzamento inicialmente aprobado consonte os motivos que a tales efectos enumera o apartado 2 do propio artigo 171 citado e durante o prazo de quince días hábiles.

En concordancia co disposto polo art. 169.1 do propio Texto Refundido si transcorrido o prazo de 15 días hábiles non se presentara reclamación ningunha, o presente acordo quedará automaticamente elevado a definitivo así como o propio Orzamento deste Consorcio para 2015, debendo procederse, para a entrada en vigor, á publicación requirida polo apartado 3 do propio art. 169, e ás remisións que recolle o apartado 4 do mesmo en relación co previsto polo art. 70.2 e concordantes da xa citada Lei reguladora das Bases do Réxime Local.

TOTAL	83.899.430,33 €	6.369.666,69 €	1.608.936,00 €	5.315.051,60 €	7.713.461,80 €	89.479.622,82 €

G A S T O S						
Op. non financeiras (1-7)	77.040.804,93 €	3.175.869,78 €	1.608.936,00 €	5.315.051,60 €	7.713.461,80 €	79.427.000,51 €
1. GASTOS DE PERSOAL	23.347.041,09 €	1.180.000,00 €	1.023.542,99 €	80.451,34 €		25.631.035,42 €
2. GASTOS CORR. EN BENS E SERV.	13.111.088,22 €	935.000,00 €	413.376,64 €	4.814.500,26 €		19.273.965,12 €
3. GASTOS FINANCIEROS	234.200,29 €	224.729,48 €	2.016,37 €	100,00 €		461.046,14 €
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	17.575.159,66 €	- €	70.000,00 €	- €	7.503.461,80 €	10.141.697,86 €
5. FONDO DE CONT. E OUT. IMPREV.	300.000,00 €	- €	- €	- €	- €	300.000,00 €
6. INVESTIMENTOS REAIS	15.848.826,70 €	835.940,30 €	100.000,00 €	420.000,00 €		17.204.767,00 €
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	6.624.488,97 €	- €	- €	- €	210.000,00 €	6.414.488,97 €
Op. financeiras (8-9)	8.858.625,40 €	3.193.996,91 €	- €	- €	- €	10.052.622,31 €
8. ACTIVOS FINANCIEROS	300.000,00 €		- €	- €		300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCIEROS	6.558.625,40 €	3.193.996,91 €	- €	- €		9.752.622,31 €
TOTAL	83.899.430,33 €	6.369.866,69 €	1.608.936,00 €	5.315.051,60 €	7.713.461,80 €	89.479.622,82 €

Cúmprese cos obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e débeda pública. O límite de gasto non financeiro ascende a 79.479.922,13 €, coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Ó Orzamento Xeral únense como anexos:

- Plan Orzamentario a medio prazo (2015-2017).
- Anexo de Investimentos ou Plan de Investimentos da propia Entidade.
- Programa anual de actuación, investimento e financiamento da empresa SUPLUSA.
- O Estado de consolidación dos Orzamentos que integran o Xeral.
- O Estado de previsión dos movementos e situación da débeda.
- Como documentación complementaria acheganse os Plans de Actuación da Fundación TIC e o Orzamento do Consorcio Provincial de Lugo para prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.
- Informe de avaliación de estabilidade, regra de gasto, límite de gasto non financeiro e débeda pública.

2. O Orzamento da propia Entidade en 2014 estaba cifrado en 82.213.866,35 €, o presente aumenta en 1.685.563,98 €, o equivalente ó 2,05 %, e distingue entre ingresos e gastos por operacións non financeiras e financeiras, co seguinte detalle:

INGRESOS

Op. non financeiras (1-7)	80.548.555,05 €
Oper. Corr. (1-5)	79.163.725,29 €
Oper. Cap. (6-7)	1.384.829,76 €
Op. financeiras (8-9)	3.350.875,28 €
8. ACTIVOS FINANCIEROS	350.875,28 €
9. PASIVOS FINANCIEROS	3.000.000,00 €
TOTAL INGRESOS	83.899.430,33 €

GASTOS

Op. non financeiras (1-7)	77.040.804,93 €
Oper. Corr. (1-5)	54.567.489,26 €
Oper. Cap. (6-7)	22.473.315,67 €
Op. financeiras (8-9)	6.858.625,40 €
8. ACTIVOS FINANCIEROS	300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCIEROS	6.558.625,40 €
TOTAL GASTOS	83.899.430,33 €

Os Capítulos de Investimentos e de Transferencias de capital ascenden a 22.473.315,67 € , aumenta en 1.688.719,19 € respecto ó 2014, equivalente ó 24,34% do orzamento, e se financian do seguinte xeito:

-Transferencias de capital:	1.369.829,76 €
-Alleamento de investimentos reais	15.000,00 €
-Recursos ordinarios:	18.088.485,91 €
-Operación de crédito a l/p:	3.000.000,00 €

O Capítulo 6º e 7º poderán ser obxecto de aumento pola incorporación de remanentes, e por outras modificacións orzamentarias.

Ó Orzamento da propia Entidade únese como documentación complementaria:

- Memoria.
- Liquidación do Orzamento de 2013, resumida por capítulos, así como do resultado orzamentario.
- Liquidación do Orzamento de 2014 referida a seis meses do exercicio, resumida por capítulos, así como do resultado orzamentario sen axustar.
- Estimación da Liquidación do orzamento de 2014 referida ó 31 de decembro.
- Anexo de persoal, e masa salarial laboral.
- Anexo ou Plan de investimentos que se prevé realizar no exercicio, debidamente codificado, e o seu financiamento.
- Informe económico-financeiro e da Interventora.

3. Así mesmo, inclúense as Bases de Execución que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria e fiscalizadora á organización e circunstancias da Deputación, sendo de aplicación a SUPLUSA e demais entes dependentes en función da súa maior ou menor identidade orgánica ou funcional.

Por todo o exposto, e tendo en conta que na súa formación deuse cumprimento ás disposicións da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (art. 112), do Rdl 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (art. 162 e seguintes), e Rd 500/90, do 21 de abril, e a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, **proponse ó Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:**

1º. Aprobar o Orzamento Xeral para o exercicio 2015 que ascende a 86.424.097,02 €, cumpre co principio de estabilidade orzamentaria e de sostenibilidade financeira, integrado polo da propia Entidade que ascende a 83.899.430,33 €, e o Orzamento da empresa SUPLUSA, que ascende a 6.369.666,69 €, cos estados de gastos e ingresos, segundo resumo anterior, e coa documentación anexa e complementaria á cal se fai referencia e que se une ó expediente.

2º. Aprobar o Cadro de Persoal da Deputación, tanto de funcionarios como de persoal laboral, segundo figura no expediente confeccionado ó efecto polo Servizo de Persoal.

3º. Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral.

4º. Aprobar o límite de gasto non financeiro para 2015 ascendente a 79.479.922,13 €, e a masa salarial do persoal laboral que ascende a 3.405.842,66 €.

5º. Dación de conta do Plan Orzamentario a medio prazo (2015-2017).

6º. Dación de conta do Plan de Investimento e Financiamento do 2015.

7º. Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ó público no B.O.P., todo iso ós efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado se durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

En Lugo, a 17 de novembro de 2014,

O Presidente,

José Ramón Gómez Besteiro



Acta da Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, e de Goberno Interior e Asuntos Xerais

Acta da reunión do día 20 de Novembro de 2014

Asistentes:

D^a. Lara Méndez López
D. José Fernández Fernández
D^a. Regina Polín Rodríguez
D. Mario Outeiro Iglesias
D^a. Elena Candia López
D. José Manuel Mato Díaz
D. José Manuel Yanes Guinzo

Secretario da Comisión:

D. José Antonio Castro Liz, Técnico en Administración Financeira e Contable.

Sendo as dez horas e dez minutos do día vinte de novembro de dous mil catorce no Salón de Comisións do Pazo Provincial, reúnense os Sres. Deputados relacionados, membros das Comisións Informativas de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, e de Goberno Interior e Asuntos Xerais, en sesión convocada con carácter extraordinario urgente, ratificando neste momento dita convocatoria, baixo a **Presidencia do Vicepresidente Primeiro o Ilmo. Sr. Don Antón Veiga Outeiro**, asistido do Secretario-Interventor D. Manuel Castiñeira Castiñeira en funcións de Secretario Xeral e coa asistencia da Interventora Xeral da Deputación D^a. Rosa Abelleira Fernández, co obxecto de emitir os seguintes ditames:

EMISIÓN DE DITAMES

1. *Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento da Excma. Deputación Provincial para o ano 2015, e documentación que se acompaña.*


A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, e de Goberno Interior e Asuntos Xerais, por maioría, coa ausencia dos Sres. Deputados, D^a. Elena Candia López, D. José Manuel Mato Díaz e D. José Manuel Yanes Guinzo, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ó Pleno a súa aprobación.

Asunto de Urgencia: *Ampliación en 120 meses do prazo para a devolución das liquidacións negativas da participación en tributos do Estado dos anos 2008 e 2009.*

Previa declaración de urgencia, a Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, e de Goberno Interior e Asuntos Xerais, por unanimidade, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ó Pleno a súa aprobación.

E non tendo máis asuntos que tratar, levantouse a sesión, sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal o Secretario certifica.

O PRESIDENTE,



O SECRETARIO,





COMISIÓN DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, E DE GOBERNO INTERIOR E ASUNTOS XERAIS

DICTAME

Vista a Proposta da Presidencia en relación co punto epigrafiado *“Aprobación, se procede, do proxecto de orzamentos da Excma. Deputación Provincial para o ano 2015, e documentación que se acompaña”*, A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, e de Goberno Interior e Asuntos Xerais, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D^a. Elena Candia López, D. José Manuel Mato Díaz e D. José Manuel Yanes Guinzo, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ó Pleno para a súa aprobación, se procede.

Pazo Provincial de Lugo, a 20 de Novembro de 2014.

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
PLENO
Sustido do día 25 NOV 2014
CUMPRASE= APROBADO:
O SECRETARIO
11901 SUSTINER
1 de Outubro de 2012
A X. PRESIDENCIA
Ana María Méndez López



BOP

JUEVES, 27 DE NOVIEMBRE DE 2014

Nº 273

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE ACTAS

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Excma. Deputación Provincial, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e cinco de novembro de dous mil catorce, o Proxecto de Orzamento da Deputación Provincial para o ano 2015, e documentación que se acompaña; exponse ó público na Secretaría desta Deputación, por espazo de 15 días hábiles, en cumprimento do disposto nos artigos 112.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, durante os cales se admitirán reclamacións e suxestións aos mesmos, transcorrido dito prazo sen que se presentaran reclamacións e suxestións entenderase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no art. 169 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Lugo, vinte e seis de novembro de dous mil catorce.- **O PRESIDENTE**, José Ramón Gómez Besteiro. **O SECRETARIO**, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 4578

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS

Anuncio

Aprobada inicialmente polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 25 de novembro de 2014, a "Proposta de modificacións puntuais da Relación de Postos de Traballo (RPT) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2015", exponse ao público na Secretaría Xeral desta Entidade Provincial, durante o prazo de 20 días, dentro dos cales, os interesados poderán examinar o expediente, e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunos, de conformidade co sinalado no artigo 49 da Lei 7/1985 de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. No caso de que non se presenten reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente aprobada.

Pazo Provincial de Lugo, 26 de novembro de 2014.- "O PRESIDENTE, P.D. Decreto 2228/2012, de data 18-07-2012, A VICEPRESIDENTA, Lara Méndez López".- O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero

R. 4579

Aprobada polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día vinte e cinco de novembro de dous mil catorce, a "Proposta de regularización das especiais condicións de prestación do servizo do persoal do Parque Móbil, derivadas da necesidade de desprazarse a distintos puntos da provincia de Lugo para a prestación do traballo efectivo", como consecuencia do acordo da Mesa Xeral Común de Negociación celebrada o día 14 de novembro de 2014; exponse ao público na Secretaría Xeral desta Entidade Provincial, durante o prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunos, de conformidade co sinalado no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. No caso de que non se presenten reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente aprobado.

Pazo Provincial de Lugo, 26 de novembro de 2014.- " O PRESIDENTE, P.D. Decreto 2228/2012, de data 18-07-2012, A VICEPRESIDENTA, Lara Méndez López".- O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 4580



DEPUTACIÓN DE LUGO

ORZAMENTOS 2015

-Reclamacións administrativas ao Orzamento e aprobación definitiva





CONCELLO DE PANTÓN (LUGO)

Plaza do Concello – Pantón. C.P.27430 Tel. 982 45 60 05 Fax. 982 45 65 62 CIF P2704100C
www.concellodepanton.es ---- E-Mail: concello.de.panton@eidolocal.es



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
REGISTRO XERAL

15 DEC. 2014

ENTRADA n.º 34818
DECRETO n.º 3 Ates

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
R/ SAN MARCOS Nº8 – 27001- LUGO

D. JOSÉ LUIS ÁLVAREZ BLANCO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PANTÓN (LUGO),

EXPÓN

Que tras a recente publicación dos orzamentos para o ano 2015 por parte da Exema. Deputación Provincial de Lugo, e tras constatar que nos mesmos non se inclúe ningunha partida económica para a celebración dos eventos denominados “Feira do Viño” e “Románico”, que organizará este Concello no vindeiro ano,

PRESENTO como representante do Concello de Pantón as seguintes:

ALEGACIÓNS

1º Que se inclúa unha partida económica nos orzamentos para o ano 2015 da Exema Deputación Provincial de Lugo para sufragar os gastos da devandita festa denominada “Feira do Viño” en base ó seguinte razoamento:

-A “Feira do Viño” é un evento que se ven celebrando por este Concello dende máis de 20 anos.

-A calidade das actividades que xiran entorno a esta celebración leva a que se concentre un número elevado de visitantes chegados desde toda Galicia e outras Comunidades Autónomas.

-Obsérvase a dotación orzamentaria de 2.000 euros para a celebración da festa denominada “Edición Viño de Amandi”, sendo beneficiaria o Concello de Sober, polo que debería incluírse a correspondente a este Concello para sufragar gastos similares coa mesma finalidade pública.

2º Que se inclúa unha partida económica nos orzamentos para o ano 2015 da Exema Deputación Provincial de Lugo para sufragar os gastos da devandita festa denominada “Románico” en base ó seguinte razoamento:

- O patrimonio románico deste Concello constitúe un dos principais motores económicos e turísticos do Municipio, contando con emblemáticos monumentos como o Mosteiro Cisterciense Ferreira, o Mosteiro de San Miguel de Eiré, a Igrexa de Santo Estevo de Atán, a igrexa de San Vicente de Pombeiro ou a de San Fiz de Cangas.

-A calidade das actividades que xiran entorno a esta celebración leva a que se concentre un número elevado de visitantes chegados desde toda Galicia e outras Comunidades Autónomas.



CONCELLO DE PANTÓN (LUGO)

Plaza do Concello – Pantón. C.P.27430 Tel. 982 45 60 05 Fax. 982 45 65 62 CIF P2704100C
www.concellodepanton.es ---- E-Mail: concello.de.panton@eidolocal.es

3º Asímesmo, que se finalicen as obras iniciadas por esa Deputación Provincial para o arranxo da estrada 4109 de Ferreira a Goián deste termo municipal, sendo sufragadas no seu inicio por crédito procedente do canon.

En Pantón, a 9 de decembro do 2014.

O Alcalde

Asdo.: José Luis Álvarez Blanco.





DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
REGISTRO XERAL

1 / DEC. 2014

ENTRADA n.º

35108



D.º JOSE JESUS NOVO MARTINEZ, Alcalde-Presidente do Concello de O Vicedo, provincia de Lugo,

INTERPON ALEGACION contra o orzamento xeral da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo, aprobado inicialmente na data 25 de novembro de 2014, para a súa consideración polo pleno da referida administración lucense:

Primeiro. A Deputación Provincial de Lugo é a responsable de levar a cabo as actuacións pertinentes sobre a rede viaria da súa titularidade, sobre a que se observa a necesidade de emprender melloras. E o caso da vía provincial n.º LU-6402, a cal se atopa en estado deplorable, e todos os anos se bachea e o cabo de dous meses, como moito, está o mesmo, sobre todo entre os PK. 9,3 e 13,5, e por elo que solicitamos sexa incluída nos orzamentos do ano 2.015 da Excelentísima Deputación.

Segundo. Nos orzamentos da Deputación de Lugo obsérvase a seguinte partida orzamentaria:

3.- 4530.619 de Outros investimentos de rep. en infraestructuras e bens destinados ao uso xeral por importe de 4.150.623,80 euros; e esta obra podería supoñer un investimento de 270.000,00 euros, que podían saír desta partida 4530.619 de Outros.

Terceiro. Nos orzamentos da Deputación Provincial de Lugo existen partidas nas que non se concreta o seu destino, por exemplo, a relativa o concepto 65009 Outros.

Polo exposto, SOLICITASE QUE SE TEÑA POR ESTIMADA A PRESENTE ALEGACION e se garanta así nos orzamentos do 2015 un incremento de 270.000,00 euros en Investimento Reais en infraestructuras para atender esta necesidade no noso Concello.

En O Vicedo, a 16 de decembro de 2.014.

O Alcalde.



Dna. Elena Candia López, representante do Partido Popular de Mondoñedo, con DNI 33.341.791-W, actuando en calidade de veciña do territorio provincial, con domicilio en Mondoñedo

INTERPÓN ALEGACIÓN contra o orzamento xeral da Deputación Provincial de Lugo, aprobado inicialmente na data 25 novembro de 2014, para a súa consideración polo pleno da referida administración lucense:

Primeiro.- A Deputación Provincial de Lugo é a titular das estradas LU-P-3108 de Viloalle a Figueiras e da LU-P-3103 de Lindín, por Santa Maria Maior, á LU-124 e Rampa ao Campo do Castro. Estas infraestruturas viarias requiren de reparacións urxentes en varios dos seus treitos. A maiores, a estrada provincial que transcorre ao carón do embalse do Baos (LU-P-2805) non conta con protección neste punto, o que entraña un importante risco para a circulación.

Segundo.- Os orzamentos da Deputación de Lugo recollen partidas orzamentarias dirixidas tanta a reparación de infraestruturas xa existentes como a construción de novas vías.

1. 4530.600 de investimentos en terreos (Expropiacións) por importe de 100.000 euros
2. 4530.609 de Outros investimentos novos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral por importe de 100.000 euros
3. 4530.619 de Outros investimentos de rep. en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral por importe de 4.150.623,80 euros

Polo exposto, **SOLICÍTASE** :

Que con cargo ás referidas partidas, se teña por estimada a presente alegación e se garanta nos orzamentos do 2015 a mellora das estradas mencionadas

Lugo, 17 de decembro de 2014

Asdo.- Elena Candia López

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO



Concello de Folgoso de Caurel (Lugo)

R.E.L. N° 01270174; C.I.F. N° P-2701700-C; C.P. 27325; Tlfs. 982433001 / 982433052;
E-mail: concello.folgosodocourel@eidolocal.es Páxina.Web: <http://webcaurel.fegamp.es>

REMITENTE:

ALCALDESA -PRESIDENTA DO CONCELLO DE FOLGOSO DO
COUREL LUGO.

DESTINATARIO:

DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO LUGO

ASUNTO:

ALEGACIONES OS ORZAMENTOS DA 2015

DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO
REXISTRO XERAL

17 DEC. 2014

ENTRADA n.º 35147
DECRETO n.º 8 Actas


Por medio do presente escrito remítole alegacións o orzamento 2015 da Excmá Deputación Provincial de Lugo.

Folgoso de Courel, 16 de decembro de 2014

A ALCALDESA

Asdo.: DOLORES CASTRO OCHOA







Concello de Folgoso de Caurel (Lugo)

27325 Folgoso de Caurel (Lugo); Tifs/Fax. 982433001 / 982433052;

E-mail: concellofolgosodocourel@yahoo.es Páxina Web: <http://www.folgosodocourel.es>

DONA DOLORES CASTRO OCHOA, ALCALDESA – PRESIDENTA DO CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL.

EXPÓN:

Que A Deputación Provincial de Lugo, no marco de competencias que lle outorgan os artigos 31 e 36 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora de las Bases do Réxime Local, polos que se encomendan ás Deputacións Provinciais "a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión" e que no seu último apartado engade que "con esta finalidade, as Deputacións poderán outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus fondos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos". Así, a Deputación Provincial de Lugo puxo en marcha un programa temporal de fomento do emprego, co que se pretendía axudar a paliar a actual conxuntura de falta de emprego na provincia de Lugo; pero cuxa participación estaba limitada só a un número reducido de concellos da provincia. (12 de 67 administracións locais). O noso Concello quedou excluído de dito plan sendo un dos que mais falta fai crear emprego para entre outras fixar poboación. Ademais de ser este un Concello no que o número de empresas asentadas é mínimo e o emprego ofertado por entes públicos é moi importante para o desenrolo deste.

Polo exposto, SOLICITASE QUE SE TEÑA POR ESTIMADA A PRESENTE ALEGACIÓN, e se garanta nos orzamentos de 2015 un plan de emprego regulado por unhas bases que permitan participar a tódolos Concellos da provincia e ao que podan concorrer na selección todos os desempregados do noso Concello para que teñan as mesmas oportunidades que os desempregados de concellos que son dunha mesma tipoloxía (menos de 5000 habitantes, 96% do territorio dentro de Rede Natura.....).

Folgoso do Courel a 16 de decembro de 2014

A Alcaldesa

Asdo.: Dolores Castro Ochoa

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO





Concello de Folgoso de Caurel (Lugo)

27325 Folgoso de Caurel (Lugo); Tlf/Fax. 982433001 / 982433052;

E-mail: concellofolgosodocourel@yahoo.es Páxina Web: <http://www.folgosodocourel.es>

**DONA DOLORES CASTRO OCHOA, ALCALDESA – PRESIDENTA DO
CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL.**

EXPÓN:

Que tras a recente publicación dos orzamentos para o ano 2014 da Excma. Deputación Provincial de Lugo, e tras comprobar que nos mesmos non se pode saber si para este ano se fará algún tipo de actuación nos 8km da estrada provincial 1301 que están sen arranxar e en mal estado, apesares de ser esta a entrada principal o noso Concello dende a A-VI., e un Concello no que ten unha forte incidencia o sector Turístico.

PRESENTO como representante do Concello de Folgoso do Courel a seguinte ALEGACIÓN:

Que se teña a ben adicar da partida orzamentaria correspondiente o orzamento necesario para o arranxo destes 8 Km de estrada provincial que tan importante e para os nosos veciños e para os turistas que nos visitan nas diferentes épocas do ano, e se garanta así nos orzamentos do 2015.

Que o arranxo de dito tramo e unha das demandas mais solicitadas polos veciños.

Folgoso do Courel a 16 de decembro de 2014

A Alcaldesa

Asdo.: Dolores Castro Ochoa

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO





17 DEC. 2014

ENTRADA n.º 35149
DECRETO 12328

Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial Popular, con DNI 33.341.791-W, actuando en calidade de veciña do territorio provincial, con domicilio en Mondoñedo

INTERPÓN ALEGACIÓN contra o orzamento xeral da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo, aprobado inicialmente na data 25 novembro de 2014, para a súa consideración polo pleno da referida administración lucense:

Primeiro. Manifestase a omisión do crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles á Excelentísima Deputación Provincial de Lugo en base ao artigo 36 da Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réxime Local, que establece as competencias das Deputacións Provinciais, establecendo como competencias propias " ... *as que lles atribúan, neste concepto, as leis do Estado e das comunidades autónomas nos diferentes sectores da acción pública,...*", e en todo caso, a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A materia de Servizos Sociais vén recollida na lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, cuxo capítulo 63 establece que "*As deputacións provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes*"

A citade lei, desenvolveuse no Decreto 99/2012 de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais, norma autonómica da Comunidade Autónoma de Galicia, de obrigado acatamento pola entidade provincial, norma que no seu artigo 31 fixa as competencias mínimas da Deputación en materia de servizos sociais para os municipios de menos de 20.000 habitantes. O literal do precepto establece que:

" 1.- *As Deputacións provinciais, de conformidade co previsto no artigo 109.1.b), da lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos e agrupacións de concellos, especialmente aos de menos de 20.000 habitantes, na implantación e xestión dos servizos sociais comunitarios municipais.*

2.- *De conformidade co artigo 63 da Lei de servizos sociais de Galicia, as deputacións provinciais proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de*



servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de 20.000 habitantes.

3.- As deputacións provinciais apoiarán prioritariamente o financiamento do SAF básico aos concellos de menos de 20.000 habitantes, así como o financiamento aos ditos concellos para a contratación de persoal dos equipos con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do profesional de referencia que se regula no artigo 37 deste decreto.

4.- A Xunta de Galicia, como titular da competencia de planificación xeral do Sistema Galego de Servizos Sociais, coordinará as actuacións de apoio financeiro das Deputacións Provinciais aos concellos, para o que, consonte ao disposto no artigo 112.1 da lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os programas de cooperación económica coas entidades locais que elaboren as deputacións provinciais nesta materia, calquera que sexa a súa denominación, serán postos, antes da súa aprobación, en coñecemento da órgano superior da Xunta de Galicia competente en materia de servizos sociais."

Atendendo á clasificación económica obxecto da presente alegación observase que se inclúe a seguinte contía:

1. Na aplicación 2314.462 de Prestación de servizos a persoas dependentes e asistencia social, cunha contía de 1.135.000 euros

Segundo. Polo exposto, mediante a presente alegación manifestase que nos encontramos ante un suposto de vulneración manifesta do principio de legalidade constitucionalmente proclamado, toda vez que a insuficiencia de crédito descrita choca frontalmente contra as esixencias normativas previstas na Lei e Decreto citados, incumprimento e inobservancia que conleva o incumprimento dos artigos 3 e 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Terceiro. Nótese que a dotación orzamentaria a que se fixo referencia non alcanza para cubrir o mínimo competencial establecido na Lei e no Decreto respecto do cal se presume o incumprimento, mínimo que se refire aos servizos sociais a prestar a entidade local, servizos amparados polo texto constitucional, e tan necesarios nos tempos difíciles que nos toca vivir.

Polo exposto, e AO OBXECTO DE DAR CUMPRIMENTO AOS PRINCIPIOS DE ECONOMÍA PROCESAL E PRINCIPIO DE LEGALIDADE, SOLICITASE QUE SE TEÑA POR ESTIMADA A PRESENTE ALEGACIÓN,



evitando deste modo que haxa que recurrir á vía xudicial administrativa, que conleva incurrir nuns gastos que os firmantes consideran innecesarios, toda vez que polo que se está velando é polo xusto e correcto uso dos recursos económicos por parte do Ente Provincial.

Lugo, 17 de decembro de 2014



Asdo: Elena Candia López

SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO



17 DEC. 2014

ENTRADA n.º 9-35151
DECRETO para a

Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial Popular, con DNI 33.341.791-W, actuando en calidade de veciña do territorio provincial, con domicilio en Mondoñedo

INTERPÓN ALEGACIÓN contra o orzamento xeral da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo, aprobado inicialmente na data 25 novembro de 2014, para a súa consideración polo pleno da referida administración lucense:

Primeiro. Nos orzamentos aprobados ao abeiro do artigo 22 da Lei 38/2003, de 17 de novembro xeral Subvencións recolle unha listaxe de subvencións nominativas, tal e como vén sendo habitual.

Da análise rigorosa desta listaxe de subvencións nominativas extráese que non se garante o principio de igualdade nin entre concellos nin entre entes asociativos. Deste xeito, por exemplo, non se manifesta colaboración con todas as festas de interese turístico da provincia, apreciándose unha clara discriminación entre municipios.

Por todo iso considerase que se vulnera o artigo 8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro xeral de Subvencións que rexerá a xestión de todas as subvencións reguladas na Lei conforme aos seguintes principios: publicidade, transparencia, ... obxectividade, non discriminación (ademais de eficacia de cumprimento dos obxectivos e eficiencia na asignación e emprego de recursos públicos),

Segundo. Polo exposto, mediante a presente alegación maniféstase que nos encontramos ante un suposto de vulneración manifesta do principio de legalidade constitucionalmente proclamado, toda vez que non se teñen respectado os principios de obrigado cumprimento establecidos na Lei 38/2003, de 17 de novembro xeral de Subvencións, artigo 8, e por iso se constante un incumprimento dos artigos 3 e 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Polo exposto, e AO OBXECTO DE DAR CUMPRIMENTO AOS PRINCIPIOS DE ECONOMÍA PROCESAL E PRINCIPIO DE LEGALIDADE, SOLICITASE QUE SE TEÑA POR ESTIMADA A PRESENTE ALEGACIÓN, evitando deste modo que haxa que recurrir á vía xudicial administrativa, que leva incurrir nuns gastos que os firmantes consideran innecesarios, toda vez que polo que se está velando é polo xusto e correcto uso dos recursos económicos por parte do Ente Provincial.

Lugo, 17 de decembro de 2014

Asdo: Elena Candia López

SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO



17 DEC. 2014

ENTRADA n.º

REGISTRO XERAL

35154

Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial Popular, con DNI 33.341.791-W, actuando en calidade de veciña do territorio provincial, con domicilio en Mondoñedo

INTERPÓN ALEGACIÓN contra o orzamento xeral da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo, aprobado inicialmente na data 25 novembro de 2014, para a súa consideración polo pleno da referida administración lucense:

Primeiro. A Deputación Provincial de Lugo é a responsable de levar a cabo as actuacións pertinentes sobre a rede viaria da súa titularidade, sobre a que se observa a necesidade de emprender melloras. O estado das infraestruturas viarias inflúe non só no día a día dos veciños, senón tamén no dos visitantes. Na provincia, existen comarcas nas que ten unha forte incidencia o sector turístico, unha delas é a da Ribeira Sacra. Deste xeito, considérase necesario a elaboración dun plan específico para a mellora de infraestruturas viarias nesta localización.

Segundo. Nos orzamentos da Deputación de Lugo obsérvanse as seguintes partidas orzamentarias:

1. 4530.600 de investimentos en terreos (Expropiacións) por importe de 100.000 euros
2. 4530.609 de Outros investimentos novos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral por importe de 100.000 euros
3. 4530.619 de Outros investimentos de rep. en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral por importe de 4.150.623,80 euros

Terceiro.- Estas dotacións económicas dirixidas tanto a investimentos en novas infraestruturas como a reparación das xa existentes, estímense insuficientes para garantir a adecuación de estradas provinciais e a maiores dotar este plan específico para a comarca da Ribeira Sacra.

A maiores destas contías dirixidas tanto a investimentos en novas infraestruturas como a reparacións das xa existentes; considérase necesaria a ampliación da dotación económica de Investimentos Reais para infraestruturas co obxecto de elaborar un plan específico dirixido a mellora das vías provinciais no territorio da Ribeira Sacra.

Nos orzamentos da Deputación Provincial de Lugo existen partidas nas que non se concreta o seu destino, por exemplo, a relativa ao concepto 65009 Outros; e que se poden redirixir a esta finalidade.



Polo exposto, SOLICITASE QUE SE TEÑA POR ESTIMADA A PRESENTE ALEGACIÓN e se garanta así nos orzamentos do 2015 un incremento de 2.000.000 de euros en Investimento Reais en infraestruturas para elaborar un plan específico de mellora das vías provinciais no territorio da Ribeira Sacra.

Lugo, 17 de decembro de 2014



Asdo. Elena Candia López

SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

President



17 DEC. 2014

ENTRADA n.º 35157
P. 24

Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial Popular, con DNI 33.341.791-W, actuando en calidade de veciña do territorio provincial, con domicilio en Mondoñedo

INTERPÓN ALEGACIÓN contra o orzamento xeral da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo, aprobado inicialmente na data 25 novembro de 2014, para a súa consideración polo pleno da referida administración lucense:

Primeiro. A Deputación Provincial de Lugo é a responsable de levar a cabo as actuacións pertinentes sobre a rede viaria da súa titularidade, sobre a que se observa a necesidade de emprender melloras. O estado das infraestruturas viarias inflúe non só no día a día dos veciños, senón tamén no dos visitantes. Na provincia, existen comarcas nas que ten unha forte incidencia o sector turístico, unha delas é a da Mariña. Deste xeito, considérase necesario a elaboración dun plan específico para a mellora de infraestruturas viarias nesta localización.

Segundo. Nos orzamentos da Deputación de Lugo obsérvanse as seguintes partidas orzamentarias:

1. 4530.600 de investimentos en terreos (Expropiacións) por importe de 100.000 euros
2. 4530.609 de Outros investimentos novos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral por importe de 100.000 euros
3. 4530.619 de Outros investimentos de rep. en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral por importe de 4.150.623,80 euros

Terceiro.- Estas dotacións económicas dirixidas tanto a investimentos en novas infraestruturas como a reparación das xa existentes, estimanse insuficientes para garantir a adecuación de estradas provinciais e a maiores dotar este plan específico para a comarca da Mariña.

A maiores destas contías dirixidas tanto a investimentos en novas infraestruturas como a reparacións das xa existentes, considérase necesaria a ampliación da dotación económica de Investimentos Reais para infraestruturas co obxecto de elaborar un plan específico dirixido a mellora das vías provinciais no territorio da Mariña.

Nos orzamentos da Deputación Provincial de Lugo existen partidas nas que non se concreta o seu destino, por exemplo, a relativa ao concepto 65009 Outros, e que se poden redirixir a esta finalidade.

Polo exposto, SOLICITASE QUE SE TEÑA POR ESTIMADA A PRESENTE ALEGACIÓN e se garanta así nos orzamentos do 2015 un incremento de 2.000.000 de euros en Investimento Reais en infraestruturas para elaborar un plan específico de mellora das vías provinciais no territorio da Mariña.

Lugo, 17 de decembro de 2014

Asdo. Elena Candia

SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Handwritten text at the top of the page, possibly a title or header.

Main body of handwritten text, consisting of several lines of cursive script.

Handwritten signature



17 DEC. 2014

ENTRADA n.º
DECRETO

35158

Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial Popular, con DNI 33.341.791-W, actuando en calidade de veciña do territorio provincial, con domicilio en Mondoñedo

INTERPÓN ALEGACIÓN contra o orzamento xeral da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo, aprobado inicialmente na data 25 novembro de 2014, para a súa consideración polo pleno da referida administración lucense:

Primeiro. A Deputación Provincial de Lugo é a responsable de levar a cabo as actuacións pertinentes sobre a rede viaria da súa titularidade, sobre a que a día de hoxe se observa a necesidade de emprender melloras. En concreto, os accesos ao polígono de Cuiña, no concello de Cervo, están sen concluír por parte da administración competente, a Deputación de Lugo. A falta duns accesos directos ao parque ocasiona serios problemas nos camións de gran tonelaxe que se dirixen ao parque. Esta infraestrutura viaria é fundamental para o desenvolvemento empresarial e económico e para manter e incrementar a potencialidade laboral desta área industrial e os postos de traballo a ela asociados.

Segundo. Nos orzamentos da Deputación de Lugo obsérvanse as seguintes partidas orzamentarias:

1. 4530.600 de investimentos en terreos (Expropiacións) por importe de 100.000 euros
2. 4530.609 de Outros investimentos novos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral por importe de 100.000 euros
3. 4530.619 de Outros investimentos de rep. en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral por importe de 4.150.623,80 euros

Polo exposto, SOLICÍTASE QUE, con cargo as referidas partidas, SE TEÑA POR ESTIMADA A PRESENTE ALEGACIÓN e se garanta así nos orzamentos do 2015 a mellora dos accesos ao polígono de Cuiña.

Lugo, 17 de decembro de 2014

Asdo: Elena Candia

SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Herndon, H.



17 DEC. 2014

ENTRADA n.º
DECRETO por se a3 5160
S. Alf

Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial Popular, con DNI 33.341.791-W, actuando en calidade de veciña do territorio provincial, con domicilio en Mondoñedo

INTERPÓN ALEGACIÓN contra o orzamento xeral da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo, aprobado inicialmente na data 25 novembro de 2014, para a súa consideración polo pleno da referida administración lucense:

Primeiro. Asociacións e entes turísticos, administracións locais, empresas privadas e particulares demandan melloras na xestión das rutas fluviais de catamarán pola Ribeira Sacra, tanto en atención ao usuario como na oferta e horarios dispoñibles.

Segundo. Nos orzamentos da Deputación de Lugo obsérvanse as seguintes partidas orzamentarias:

1. 4320 de Información e Promoción Turística por un importe de 945.685,32 euros
2. 4321 de Rutas Fluviais por un importe de 619.200 euros

É imprescindible unha xestión eficiente dos recursos, polo que se considera insuficiente a dotación orzamentaria referida. A Deputación Provincial de Lugo é a responsable de levar a cabo as actuacións pertinentes para mellorar o servizo de rutas en catamarán polos ríos Miños e Sil.

Os orzamentos da Deputación de Lugo inclúen dotacións orzamentarias sen concretar como é a 22699 Outros Gastos Diversos, que se poden dirixir a esta finalidade.

Polo exposto, SOLICITASE QUE SE TEÑA POR ESTIMADA A PRESENTE ALEGACIÓN e se garanta así nos orzamentos do 2015 un incremento nas referidas partidas orzamentarias para dar así resposta as melloras na xestión das rutas fluviais.

Lugo, 17 de decembro de 2014

Asdo: Elena Candia

SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Handwritten



17 DEC. 2014

ENTRADA n.º
DECRETO de n.º

3516/
S. A. de

Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial Popular, con DNI 33.341.791-W, actuando en calidade de veciña do territorio provincial, con domicilio en Mondoñedo

INTERPÓN ALEGACIÓN contra o orzamento xeral da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo, aprobado inicialmente na data 25 novembro de 2014, para a súa consideración polo pleno da referida administración lucense:

Primeiro. Manifestase a omisión do crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles á Excelentísima Deputación Provincial de Lugo en base ao artigo 36 da Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réxime Local, que establece as competencias das Deputacións Provinciais, establecendo como competencias propias "as que lles atribúan, neste concepto, as leis do Estado e das comunidades autónomas nos diferentes sectores da acción pública, e en todo caso a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión". Así como, para dar cumprimento aos efectos de "aprobar anualmente un plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, en cuxa elaboración deben participar os municipios da provincia".

Segundo. Atendendo ás partidas orzamentarias obxecto da presente reclamación:

1. Programa 4531 de Plan de Obras e Servizos, coa contía 3.010.365,96 euros

Esta cantidade non garante un plan ambicioso que permita así cumprir coas normativas esixibles e máis tendo en conta a tipoloxía dos concellos da provincia sendo todos eles agás Lugo menores de 20.000 habitantes e por conseguinte, protexidos na normativa citada polas Deputacións Provinciais.

Para cubrir esta finalidade, nos orzamentos da Deputación de Lugo existen partidas sen concretar como a 65009 Outros ou a 227 Traballos realizados por outras empresas

Polo exposto, SOLICITASE QUE SE ESTIME A PRESENTE RECLAMACIÓN, para que se incremente a partida destinada ao Plan de Obras e Servizos e, en colaboración cos concellos, se elabore un plan máis ambicioso.

Lugo, 17 de decembro de 2014

Asdo. Elena Candia

SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO



4 / DEL. 2014

ENTRADA n.º 35162
DECRETO para a 8-12-14

Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial Popular, con DNI 33.341.791-W, actuando en calidade de veciña do territorio provincial, con domicilio en Mondoñedo

INTERPÓN ALEGACIÓN contra o orzamento xeral da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo, aprobado inicialmente na data 25 novembro de 2014, para a súa consideración polo pleno da referida administración lucense:

Primeiro.- Os orzamentos aprobados ao abeiro do artigo 22 da Lei 38/2003, de 17 de novembro de xeral Subvencións recolle unha listaxe de subvencións nominativas, tal e como vén sendo habitual.

Segundo.- Da análise rigorosa desta listaxe de subvencións nominativas extráese unha escasa colaboración co sector pesqueiro da provincia, considerando insuficiente as achegas ás confrarías de pescadores e non existindo axuda para a Federación Provincial de Confrarías.

Os orzamentos da Deputación de Lugo recollen partidas orzamentarias sen concretar como a 22699 Outros Gastos Diversos, para cubrir esta finalidade.

Polo exposto, SOLICITASE QUE SE TEÑA POR ESTIMADA A PRESENTE ALEGACIÓN, e que se incrementen as achegas para as confrarías lucenses e que a maiores se cree unha liña de axudas para a Federación Provincial de Confrarías

Lugo, 17 de decembro de 2014

Asdo: Elena Candia López

SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO



17 DEC. 2014

ENTRADA n.º 35163
REGISTRO n.º 35163

Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial Popular, con DNI 33.341.791-W, actuando en calidade de veciña do territorio provincial, con domicilio en Mondoñedo

INTERPÓN ALEGACIÓN: contra o orzamento xeral da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo, aprobado inicialmente na data 25 novembro de 2014, para a súa consideración polo pleno da referida administración lucense:

Primeiro. A violencia machista constitúe o máis cruel expoñente da falta de igualdade na nosa sociedade e un dos ataques máis flagrantes aos dereitos fundamentais das persoas implicando un atentado contra o dereito á vida, á seguridade e á liberdade, á dignidade e á integridade física e psíquica das vítimas e, polo tanto, un obstáculo para o desenvolvemento dunha sociedade mais xusta e igualitaria. Compete aos poderes públicos a loita para a prevención e a erradicación da violencia de xénero, coa obriga de articular medidas de sensibilización, asesoramento, atención e protección ás mulleres que a sofren, procurando os medios efectivos e axeitados a cada caso e as alternativas para o exercicio dos seus dereitos como cidadás nun estado democrático.

Segundo. Os orzamentos da Deputación de Lugo recollen o seguinte programa:

1.- 2311 Igualdade por importe de 120.000 euros.

Considerase insuficiente esta achega que diminuíu un 50% nos últimos anos.

Nos orzamentos da Deputación de Lugo existente partidas nas que non se concreta a súa finalidade como é a 22699 Outros Gastos Diversos, que pode ir dirixida a esta finalidade.

Polo exposto, SOLICITASE QUE SE TEÑA POR ESTIMADA A PRESENTE ALEGACIÓN e se dote axeitadamente de recursos económicos liñas de axuda que promovan o asociacionismo feminino na provincia de Lugo e permitan garantir a colaboración da Deputación coas administracións locais e autonómica naquelas accións que teñan por obxecto loitar contra a lacra social de violencia de xénero.

Lugo, 17 de decembro de 2014

Asdo: Elena Candia

SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Handwritten



17 DEC. 2014

ENTRADA nº

3516

